

A Voz da Escola

Ano XXIV nº 43

Maio 2006

SUMARIO. 1

- Limiar. 2
- Letras Galegas. 3 e 4
- Na Lembranza dos Carrapuceiros. 5 a 7
- Personaxes da nosa comarca. 8
- As tres Mariás Galegas. 9 a 11
- O Mariscal na lenda. 12
- As nosas viaxes culturais. 13 a 17
- Euro-scola 2006. 18 e 19
- Falamos da nosa Historia. 20 e 21
- Cousas do noso agro. 22 a 25
- Os caseiros. 26
- Árbores emblemáticas de Galicia. 27
- O quecemento global e a súa influencia no cambio climático. 28
- Especies en perigo de extinción. 29 e 30
- Falamos das serpes e outros ofidios. 31 e 32
- Falamos das avestruces. 33 e 34
- Curiosidades. 35 a 40
- Mitoloxía popular galega. 41 e 42
- Coplas e cancións populares. 43 a 45
- A lenda de Sabela. 46
- No 250 aniversario de Mozart. 47 e 48
- Rincón do humor. 49 a 52
- Rincón do poeta. 53 e 54
- O obxectivo da "pobreza zero". 55 e 56
- Como amamos. 57 e 58
- Quedarse en branco. 59 e 60
- Receitas con mel. 61
- Frases para pensar. 62
- Xogos populares. 63 e 64
- Xogos matemáticos e pasatempos. 65 a 76

COLABORADORES

- Departamento de Lingua Galega.
- Departamento de Orientación.
- Profesorado de Relixión.
- Departamento de Música.
- Departamento de Ciencias Sociais.
- Departamento de Bioloxía e Física.
- Francisco Seoane.
- José A. Domínguez.
- Mercedes Fernández Souto.
- Secretaría do centro.
- Marcos Vázquez Marey, Gema Arias López e José Luis Díaz Mosquera .
- Sandra López López ,1º ESO B.
- Pablo Rivera López ,2º ESO A.
- Sandra García Teijeiro, 2º ESO A.
- Tamara Salgado , 1º ESO B.
- Virginia Méndez, 1º ESO B.
- Vanessa Valcárcel, 1º ESO B.
- Luís E. Fernández Doncel, 1º ESO B.
- Susana Rodríguez Blanco, 3º ESO B.
- Alba López Folgar, 3º ESO B.
- Marta López Pallares, 3º ESO B.
- Susana Capón Mera, 3º ESO B.
- Iago Jacob e Rebeca Capón, 2º ESO A
- Sandra López Pérez, 1º ESO B
- Yolanda Pardo López, 2º ESO B.
- Isabel Novo González, 2º ESO B.
- Iván, Diego, Martín e Santiago, 3º ESO.
- José Manuel Santacruz, 3º ESO B.
- Marta Doncel e Rocío Liz, 4º ESO.
- Alumnado de 1º ESO A.
- César Varela Cerviño, Manuel Vázquez López, 4º ESO B.
- Laura , Rubén e María, 2º E. P.
- Alejandro, Omar, Iago Fernández e Alba de 2º ESO A.
- Cristina Pernas, Xavier López Díaz, 4º EP.

Coordinador: Jaime Lago Rodríguez

Esta publicación está subvencionada pola
Delegación de Cultura do Concello de Láncara

LIMIAR

A XEITO DE DESPEDIDA



Ao pouco tempo da miña chegada este centro, xa vai para 27 anos, decidimos fundar, por así dicilo, A VOZ DA ESCOLA.

Nesta tarefa tivo moito que ver tamén a mestra de C. Sociais Carme Picado. Ámbolos dous, xunto coa colaboración da meirande parte do profesorado e alumnado, escomezamos a sacar, dun xeito moi "artesanal" os primeiros exemplares da nosa revista. Houbo cursos que se elaboraba unha tirada trimestral. Nen que dicir ten que daquela os medios para elaborala eran escasos e rudimentarios (había que facelos clichés e logo pasalos a unha "antidiluviana" multicopista onde se encochaba un totalmente coa tinta), pero todo o suplía a ilusión e o esforzo.

Os tempos foron cambiando e os medios técnicos tamén: A era da informática facilita unha mellor elaboración dos traballos. A revista é máis vistosa, máis completa; tanto é así que nos derradeiros anos A Voz da Escola estivo entre as mellares do seu xénero a nivel galego e acadou varios premios por parte da Dirección Xeral de Política Lingüística.

Ao longo de todos estes anos, eu enorgullézome de ser un constante colaborador da nosa revista escolar. Coido que mereceu a pena. Como mestre de Lingua e Literatura Galega tratei de que o alumnado "rebuscase" nas nosas tradicións, na nosa cultura popular, nas nosas lendas e contos populares e comprobé que o facía con entusiasmo e a moreas. Certo que moitos dos traballos que aportaron, houbo que revisalos e pulilos, pero o mérito e o entusiasmo do alumnado é innegable.

Tamén teño que confesar que, como coordinador do equipo de normalización lingüística e da citada revista, sempre que pedín axuda ou colaboración concreta ó profesorado a resposta, en xeral, foi afirmativa.

Como nesta vida ningún é imprescindible, confío que a miña xubilación non leve consigo a xubilación da Voz da Escola. Sería unha mágoa e nunca achacable á falta de colaboración do alumnado

Jaime Lago Rodríguez, coordinador

LETRAS GALEGAS

Manuel Lugo Freire.

Este ano o día das Letras Galegas adicaselle a Manuel Lugo Freire, agora tentaremos facer unha sinxela lembranza da súa vida e obra:

Manuel Lugo Freire naceu en Sada en 1863 e con vinte anos emigrou a Cuba. Na Habana foi elixido membro da xunta directiva do Centro e fundou e dirixiu o primeiro xornal americano rexido totalmente en galego: *A gaita galega* (1885-1889), prologado por **Curros Enriquez**, e escribiu a súa primeira obra dramática: *A costureira da aldea*. De volta a Galicia, en 1896, instalouse na Coruña e proseguiu o cultivo da literatura, editando en 1901 *Noitebras*.

Noitebras é o seu segundo libro de versos e está adicado á súa difunta muller *Conchita*. *Noitebras* so para o poeta:

*Noites en que na ialma
levántase a tristeza
cos acidumes das soidades mortas
e cos recordos de esperanzas vellas
Esas son en Galicia
as chamadas Noitebras
Na miña ialma levo
noites de soma espesa
máis tristes, máis escuras, máis
profundas
que esas noites sin lúa e sin estrelas
O sol dos meus querereres
para sempre morreo. Só me queda
a esperanza da morte
como meiciña para as miñas penas*

Lugo Freire foi en palabras de Villar Ponte, o *benjamín dos Precursores* e o *evangelista dos Continuadores*.

Relacionado cos rexionalistas herculinos, Lugo tomou parte en todas as actividades galeguistas da altura. Así, foi o primeiro en utilizar nun mitin a **Lingua galega** e figurou entre os patrocinadores da Escola Rexional de Declamación (1903), da que sería presidente.



Desde este momento, a maior preocupación de Lugo foi a de fornecer de textos a nova entidade, todos eles cunha forte carga reivindicativa e rompedores do costumismo imperante.


Foi un loitador incansable en pro do idioma galego.

Tras a presentación da Escola cunha peza de **Salinas**, a totalidade dos espectáculos realizados polo cadro contaron con títulos da súa autoría: *A Ponte* (1903), *Minia* (1904), e *Mareiras* (1904). Alén de figurar como o primeiro escritor teatral en utilizar a prosa, é o máximo representante do teatro social ou de tese.

Logo o prolífico Lugrís deixaría definitivamente o teatro e retomaría a creación poética. Tamén asinou (co pseudónimo **Asieumedre**) numerosos relatos breves que serían compilados en 1909 no volume *Contos de Asieumedre* e aínda publicaría unha gramática do idioma galego (1922)

En 1923 ingresou no Seminario de Estudos Galegos cun discurso sobre **Pondal**. A Real Academia nomeouno presidente en 1934, posto ao que renunciaría un ano máis tarde por problemas de saúde. Nesa década, colaborou, así mesmo, na redacción do Anteproxecto do Estatuto de Autonomía.

Tras o conflito bélico, que provocou a persecución da actividade galegista, Manuel Lugrís Freire morreo na Coruña en 1940.



Lugrís ingresou no Seminario de Estudos Galegos na sección de Artes e Letras cunha conferencia sobre Eduardo Pondal.

Sandra López López, 1º de Eso, grupo B

NA LEMBRANZA DOS CARRAPUCHEIROS.

É para min toda unha honra escribir estas liñas, parece coma se tempo non pasase e me sentase de novo a escribir para a revista do meu colexio...pero o certo é que pasaron 5 anos.

Fai uns días encontrei por casualidade un anaco de cartolina branca no que estaba escrito o meu nome coa inconfundible letra de D. Jaime, acompañado dunha foto e a lenda "Os Carrapucheiros", seguramente sexa o primeiro carné que tiven. Era a identificación para que o conserxe deixase subir ás aulas a aquel grupo de rapaces que adicaban os recreos a aprender a tocar a gaita ou a percusión.



Nos Carrapucheiros dei as miñas primeiras notas, baixo a atenta mirada dos alumnos máis maiores que eran á vez profesores, deste xeito as pezas ían pasando duns a

outros, ano tras ano, para interpretalas nos festivais do colexio. Recordo unha primeira época na que tiñamos que facer grandes esforzos para conseguir colocarnos todos no escenario, co paso dos anos este número foi diminuindo e o auxe doutras épocas era envexado.



Os Carrapucheiros era o froito do esforzo colectivo de todos aqueles que crían na importancia de manter viva a tradición musical, e os beneficiarios desa convicción somos todos eses nenos que comezamos a nosa andanza musical no colexio e que agora, co paso do tempo, comprendemos a importancia de impulsar a música na escola.

Gema Arias López

MEMORIAS.

Lembro moitos e moi bos momentos no colexio de Pobra de San Xiao onde estiven dez anos. Un dos mellores momentos foi sen dúbida a miña etapa nos Carrapucheiros, daquela éramos un grupo de rapaces novos, seríamos uns dez ou quince de diferentes idades, todos poñíamos esmero en cada un dos ensaios, dous ou tres por semana á hora do lecer despois do xantar, para mellorar e que saíran con éxito as actuacións.

Coido que eu tiven moita sorte pois nos cinco anos que formei parte do grupo asistimos e amenizamos un bo número de eventos. A parte de facer as tradicionais actuacións de Nadal e das Letras Galegas estivemos presentes na recepción do segundo de Fidel Castro, na benvinda ao propio Fidel Castro, na inauguración do colexio do Páramo por parte de Don Manuel Fraga, amenizamos a sesión vermouh das festas patronais do pobo da Ponte de Neira, etc.



Todo esto non sería posible sen a dedicación e interese polo grupo por parte de Don Xaime Lago Rodríguez, director do colexio por aquel entón, que era a súa vez responsable e coordinador do grupo, el poñía ó noso alcance tódolos medios posibles e daba facilidades a tódolos rapaces, que coma min, lles gustaba a música tradicional galega e gracias a el tivemos a oportunidade de coñecela mellor e o que é máis importante: disfrutar tocando.

José Luis Díaz Mosquera,
tamborileiro
dende 1989
ata 1994.

CARRAPUCHEIROS OU CARRAPUCHEIRIÑOS?

Lembro con claridade esta cuestión alá polo ano 1985, cando xa xerminara un mítico grupo de gaitas no, por aqueles intres, colexio “Concepción Arenal” da Pobra, Láncara.

En decembro do 1983, os nenos da Escola Rural de Trasliste tivemos que ser “Concentrados” e abandonar as inmejorables horas na compañía da nosa Mestra D^a Felisa. Con tristura e sen remedio, en xaneiro do 84 escomezamos unha nova etapa, distinta, excelente e inesquecible, pero non mellor ca da escola rural de Vilasuso, Trasliste. Nada máis chegar á Pobra, o que máis me chamara a atención fora o grupo de gaiteiros e bailaríns existente. Naquel intres, inda que pareza utópico, iniciábase o rexurdimento da tradición gaiteril neste Concello de Láncara, que co artesán de comezos do século XX, Don Antón das Agrolazas, tivo forte implantación, incluso excedendo as fronteiras autonómicas. No curso 1984-85, unha fruta doce, de cor vermello, teñida con métodos autodidactas, provocou a miña fichaxe por D. Xaime para incorporarme ó grupo de gaitas; de verdade o lembro coma un dos feitos máis motivadores da miña existencia.

Sinto contar esta historia coma un relato autobiográfico, máis coído que os seus comezos describen fielmente unha época na que o ensino en xeral gozaba de doses meirandes de efectividade e implicación por parte de todos.

CARRAPUCHEIROS, foi o nome final xa que se pretendía o que finalmente se acadou: formar un grupo con continuidade e con capacidade de crear escola. Neste debate sobre o nome, inda que encabezado por Don Xaime e Paco, interviñera todo o claustro con gran creatividade, tolerancia e dinamismo, coma en case todo o que se facía daquela; os alumnos notabámolo e agradeciámolo.



Como impresionaba ver a Francisco (da Pobra) Irene (de San Pedro de Láncara) e a José Manuel, “O Gai”, (do Páramo), tocar a Muiñeira de Lugo. Na seguinte xeración, (curso 1985-86) incorporáronse Noelia, Xavier, Xurxo e eu, e no Nadal do 1985 tocabamos cunha aceptable destreza a Muiñeira de Chantada; neste curso asistimos a festas dos Concellos de onde viñamos alumnos á Pobra (Láncara, Corgo e

Páramo), inaugurando as feiras de primavera do Páramo, no San Bernabé (Castrillón, O Corgo) e en actos públicos do noso Concello, pero as fortalezas dos Carrapuceiros foron dous festivais escolares ós que asistimos en Lugo e en Sarria, onde os moi bos resultados acadados consolidaron definitivamente o grupo de forma case triunfal. Non podo contar con detalle tódoloas fazañas dos Carrapuceiros durante as súas dúas décadas de andadura (necesitaria toda a revista), pero hai feitos que non podo evitar que todos coñezades. Os Carrapuceiros foron froito do afán de creatividade, e ganas de facer cultura, para o cal, nos inicios se contaba cos coñecementos de Paco e dúas gaitas de buxo en Do que posuía D. Xaime; para progresar, fixo falla encher de notas musicais todo o volume do centro durante as fins de semana previos ás actuacións, nos cales, non so nos acompañaban mestres, senón amigos deles expertos na materia, e nos recreos, onde os que nos tocaba servir no comedor, pasabamos cunha froita por ir ensaiar; non, non, non é mentira, nin realidade virtual, é certo, eu mesmo non dei agotado a Paco cos meus acosos durante os recreos da tarde para que escoitase as miñas evolucións musicais.



En fin, inda que na actualidade o grupo está en stand-by, os Carrapuceiros de tódalas xeracións seguen a teñer con firmeza todo o aprendido no colexio da Pobra. Dos Carrapuceiros naceu o grupo de gaitas do Val de Láncara e membros seus tocaron en diversas bandas de toda Galiza. Sería desexable que o exemplo dos Carrapuceiros fose compatible cos criterios casi anárquicamente impostos pola sociedade actual mundial, facendo posible o mundo das especificidades co das globalidades.

Cunha aberta para todos
 Marcos Vázquez Marey de Trasluste.
 Abril do 2006



204 DAS LETRAS GALEGAS
 27 DE MAIO DE 1984

PERSONAXES DA NOSA COMARCA.


As terras de Armea, no Concello de Láncara, deron famosos persoeiros, como foi Ramón Piñeiro. Hoxe remontámonos séculos atrás e falamos de :

PERO D'ARMEA. Poeta nado a comezos do século XII. En canto ó seu lugar de procedencia barállanse dúas posibilidades: Que fose da parroquia de Armea, no concello lucense de Láncara, ou da do mesmo nome, no concello coruñés de Coirós. Tamén existen dúbidas en canto á súa condición profesional, pois aínda que consta que foi xograr, moitos dos seus colegas refírense a el adxudicándolle o título de don, que estaría reservado a persoas de condición sociocultural máis alta.

Desenvolveu a súa actividade poética no terceiro cuarto do século XIII, na súa maior parte en Santiago de Compostela. Consérvase del pouca documentación biográfica, pero si se sabe que participou na cruzada de 1249 en terras de Andalucía. Dise que era solteiro e que o seu modo de vida era bastante irregular; o costume que tiña de coidar moito a súa imaxe externa tamén foi obxecto de burlas, ata tal punto que nos escarnios o chegaron a relacionar con Fernando Escallo, un famoso pederasta do seu tempo.

De Pedro d' Armea consérvanse dezaoto cantigas, trece delas pertencetes ó xénero de amor, das cales once son de refrán:

*Muytos me veen preguntar,
Señor, que lhis diga eu quen
est'a dona que quero ben
e con pavor de vos pesar
non lhis ouso dizer per ren,
senhor, que vos eu quero ben .*



Escribiu tamén catro cantigas de amigo que responden ós modelos típicos do xénero , xa que nelas a namorada fai partícipes dos seus sentimentos á nai ou ás amigas.

*- Amigo, mando-vos migo falar,
cada que vós end'ouverdes sabor.
-Nostro Señor, fremosa mia señor,
vos dê grado, que vô-lo pode dar,
de tod'este ben que mi dizedes
e de quant'outro ben mi fazedes .*

Nesta composición o poeta ridiculiza cruelmente unha dama fea, comparándoa co seu traseiro.

Pablo Rivera López, 2º ESO

AS TRES MARÍAS GALEGAS

(Pablo Rivera López, 2º ESO-A)

Houbo tres mulleres co nome de María que tiveron unha singular importancia na historia de Galicia.

*Facemos unha semblanza destas tres curiosas e singulares **MARIAS**:*

MARIA CASTAÑA

María Castaña foi unha heroína do século XIV que encabezou unha revolta contra a Igrexa no ano 1386, concretamente contra os abusivos tributos que o bispo de Lugo, Fray Pedro López Aguiar, cobraba.

Existen persoas que cren na existencia desta muller, pola contra outras pensan que pertence ó mundo da fantasía e da imaxinación.

Era a filla máis nova de tres que tivo Auburn Mary, protagonista do relato británico "A batalla dos paxaros".

O Pai Risco afirma na súa obra "España Sagrada", afirma: "*No arquivo episcopal, no tomo 1 de pergaminos, áchase un instrumento de recoñecemento e satisfacción dado o 18 de xuño de 1386, no que María Castaña, muller de Martín Cego, Gonzalo Cego e Alfonso Cego confesan ter feitas moitas inxurias á Igrexa de Lugo e que mataron a Francisco Fernández, mordomo do bispo*"

Arrepentidos do mal que lle fixeran á Igrexa, donaron as súas

posesións do Couto de Creisa, en terras de Lemos, e mil maravedies, baixo a promesa de non facer máis dano á Igrexa e prestar axuda ós recadadores do bispo.

O Dicionario de seres míticos galegos recolle a María Castaña como muller equivalente a Brancaflor.

Hoxe en día na linguaxe popular mantemos unha frase feita: "ser dos tempos de María Castaña" que podería facer referencia a esta heroína e que significa "ser moi antigo", fórmula anterior ó cristianismo, que fai referencia ós tempos míticos e antes do patriarcado.

En Lugo o nome de María Castaña segue sembrándose, tanto é así que existe unha asociación cultural denominada *María Castaña*, que leva a cabo diversas actuacións en pro da cultura popular galega.



MARÍA BALTEIRA

María Balteira foi unha muller galega da Idade Media .Naceu en Betanzos, probablemente na localidade de Armea. Tamén hai quen afirma que o seu lugar de nacemento pode ser a **Armea do concello de Láncara**, aínda que esta hipótese non ten moita veracidade, pois nun documento de 1257 aparecen outorgadas unhas terras de Armea aos monxes de Sobrado co compromiso por parte da Balteira de *fazer servizo ao mosteiro fielmente como familiaria e amiga*. A cambio os frades comprometíanse a entregarlle unha renda vitalicia na súa casa de Armea e cando morrera, levarían o seu corpo para ser soterrado en Sobrado.

Álvarez Blázquez di sobre esta muller: *a millor de todas as soldadeiras que cantaron en galego, a máis afoutada, a máis fermosa, pero cicais tamén a máis aldraxada*.

Frecuentou as cortes de Fernando II e Alfonso X. Caracterizouse por levar unha vida que se pode calificar de desordenada para o momento. Foi a **“soldadeira”** (muller que estaba adscrita á corte) máis famosa da época medieval. Tiña como oficio cantar e bailar, por este traballo pagábanlle unha soldada e de aquí vén o nome de soldadeira.

Case tódolos datos que temos dela chegaron a través das cantigas medievais, así María Baiteira é a

protagonista de quince cantigas de escarnio escritas por dez trovadores distintos, entre eles Pedro Amigo de Sevilla e Pedro de Ambroa, os dous de

Betanzos, e mesmo de Alfonso X O Sabio.

Polas cantigas descubrimos que María participou nunha cruzada, non se sabe con certeza se foi na de 1248, ou na que iniciou Xaime I de Aragón en 1269, coñecemos detalles do ritmo de vida que levaba. . Se facemos caso do que se di nas cantigas, María reunía tódolos vicios condenables do momento: Xogaba ós dados, aproveitábase da xente, mantiña relacións sexuais de todo tipo con cregos, escolares, xogares..., burláronse da súa beleza como proban os versos de Joan de Baveca:

*Por Deus, amigos, gran torto tomei:
Ca porque dixे dunha vella mal,
deostou-m ora María Balteira*

Tanta atención ó que dicía ou facía María Balteira, fainos pensar que se tratou dunha muller con peso na corte e na súa época.

Varias cantigas de escarnio fan alusión ás súas andanzas por terras de León, Castela e Aragón e incluso nas terras dos musulmáns.

O certo é que unha muller que deu tanto que falar , tivo que ter unha gran importancia e un gran poder na súa época

MARÍA PITA.

Chamábase María Maior Fernández de Cámara e Pita. É coñecida polo seu nome abreviado, María Pita e foi quen personificou o valor heroico e abriu unha páxina gloriosa na historia da cidade da Coruña. No ano 1589, o famoso ex corsario e máis tarde almirante Drake coa armada inglesa tentou invadir estas costas.

Non se sabe exactamente o ano do seu nacemento, pero foi probablemente entre 1562 e 1568 en Sigras. Estivo casada catro veces e tivo catro fillos, dous deles seguiron a carreira militar.

A escuadra inglesa chegou á Coruña, e iniciou o seu ataque na Pescadería. A superioridade das forzas atacantes era moi grande, e chegaron a abrir unha fenda na muralla pola que tentaron penetrar na Cidade Vella.

Un alférez inglés logrou subir por esa fenda aberta ata a parte máis alta do muro cunha bandeira na man, animando á súa escuadra a seguilo. María Pita tivo a fortuna de matar a ese abandeirado inglés, non se sabe se

dunha lanzada ou cun arcabuz. Este feito alertou ós defensores, acobardando ós atacantes que emprenderon a retirada, deixando numerosos mortos. María Pita, unha vez que o invasor se retirara, dedicouse a recolle-los cadáveres e a auxiliar ós feridos.

Despois da morte do seu cuarto home solicitou axuda ó rei Felipe II. Foille concedida unha boa pensión e permiso de exportación de mulas de España a Portugal e ficou liberada da obriga de aloxar á tropa na súa casa. Morreu no ano 1643.



Pablo Rivera López, 2º ESO-A


MARÍA BALTEIRA

O MARISCAL NA LENDA

Pedro Pardo de Cela era un dos señores feudais máis poderosos de Galicia, polo que hostilizaba continuamente ó bispado de Mondoñedo, veciño seu, en cuxos titulares tivo sempre uns encarnizados inimigos. Cara a 1467 púxose á fronte dos irmandiños e guiando os campesiños galegos dedicouse a arremeter contra as terras e os castelos dos seus adversarios.

Outros din que tomou partido pola Beltranexa, casada co rei de Portugal, aínda que hai outros autores que o colocan como aspirante a unha hipotética coroa de Galicia, separada dos Reis Católicos, e polo que estes, inducidos polo bispo de Mondoñedo, enviaron a Galicia a Acuña e a Chinchilla, cun corpo de tropas francesas ó mando do aventureiro Mudarra.

O mariscal resistiuse a elas por algúns anos, ata que, por fin, se viu reducido na Frouxeira, que foi entregada polos seus criados, mais ó non encontrarse nela o seu señor, a traizón seguiu ata O Castro de Ouro, que pertencía ó seu parente Pedro de Miranda, onde, sorprendido por Mudarra, foi feito prisioneiro, xunto co seu fillo e Pedro de Miranda.



Trasladados a Mondoñedo, foron xulgados e condenados á morte. A muller do mariscal, Isabel de Castro, marchou rebentando cabalos a entrevistarse coa súa curmá a raíña Isabel, de quen obtivo o indulto para os tres encarcerados. Mais, decatado o bispo das xestións da muller do mariscal, mandou tres cóengos disfrazados para que lle saísen ó paso e a entretivesen ata que as campás da catedral tocasen á morte.

Mudas testemuñas desta historia e lenda á vez son os longos e pesados elos desa cadea, chamada a Mariscala, que se garda no Museo de Lugo e que se di que foi a que tivo preso a Pardo de Cela; a vella ponte onde entretiveron a Isabel de Castro, denominada dende entón a **ponte do Pasatempo**; e as significativas palabras *Credo, Credo, Credo*, que saíron dos labios do mariscal cando a súa cabeza cortada caeu rebotando na porta da catedral de Mondoñedo, baixo os acordes do credo gótico.

Sandra García Teijeiro, 2º ESO A

AS NOSAS VIAXES CULTURAIAS

Visita a unha exposición de FRIDA KAHLO

O 17 de xaneiro fixemos unha viaxe a Santiago que nos encheo de ledicia e na que vivimos unha experiencia inesquecible. ¡Iamos a Santiago!

Cando amenceu aquel dazasete de xaneiro, nós xa estabamos espertas esperando con ansiedade que o sol alumease o novo día.

Mortas de curiosidade, atisbamos polas fiestras das nosas habitacións que o día amencera pesado e chuvioso. Aquela mañá ía a ser moi especial. Iamos a facer unha viaxe inesquecible.

Sáímos do noso centro Ramón Piñeiro sobre as dez da mañá e unha hora e media máis tarde, que se nos pasou nun plis plás, xa estabamos ás portas da exposición da famosa artista mexicana **Frida Kahlo**.

Como eramos catro cursos, dividíronnos en dous grupos. Unha monitora invitounos a pasar a unha especie de antecámara, na que había unha cama xigante cun espello na parte superior, máis tarde explicaríannos que era para que ela puidese pintar con máis detalle os seus cadros.

Tamén vimos unha Santa Campaña de cores moi vivas. Era un altar que os mexicanos lles adican ós seus difuntos, para expresar que os seus finados resucitarían para disfrutar das cousas que de vivos lles gustaban (no caso de Frida, a tequila e o tabaco, xunto cos mellores manxares típicos).

Comenzou a pintar ós dezaioito anos, logo de ter un accidente cando o autobús no que viaxaba chocou contra un tranvía. Incluso no hospital dérana por morta, mais ela, contra todo pronóstico, recuperouse.

Durante a súa estancia no hospital, seu pai regaloulle unhas acuarelas coas que ela pintaba sobre a

súa. Nun principio ela, como *hobby*, imitaba pinturas e técnicas de debuxo dos seus pintores favoritos: como imitación a Gioconda, pintou un retrato dunha amiga e conveciña súa, chamada Alicia Galant, nome que a pintora empregou para nomear o cadro.



Cando comenza a encauzar o seu propio estilo, expresa o seu sentimentos a través da pintura.

O primeiro cadro con estilo propio chámase o **Autobús**. Representa a unha muller indíxena descalza, un meniño mirando a través do cristal, unha muller que vai ó mercado, un home cunha chave inglesa, outro home con moedas e unha rapaza moi ben

vestida. A autora intenta explicarnos que para ela *a xente de distintas clases sociais está a mesma altura*.

Máis tarde pinta *retrato de Luther Burbank*, que representa a un horticultor e científico importante, nel trata de explicarnos que a vida e a morte son aliadas: o ser humano obtén o sustento da terra, mais o seu cadáver servirá de alimento a esta.

Un ano máis tarde, en 1932, pinta *Hospital Henry Ford*. Neste cadro expresa a súa tristura: sufrira un aborto e tivera problemas familiares.



O seguinte cadro leva por título *Unos cuantos piquetitos*, baseado nun feito real: unha muller mexicana fora asasinada polo seu amante e cando este é levado perante o xuíz, exclama: " *Mais se só lle din uns cantos piquetitos* "

Uns dez anos máis tarde, a autora fixose un autorretrato titulado *Autorretrato co moniño*. Neste cadro aparece cunhas cintas douradas ó redor do corpo as cales nos conducen a tres seres importantes e típicos para Frida: un can dunha raza mexicana, ó cal cahmaba Xólotl, un moniño e máis o ídolo precolombino ou deus azteca. Isto impresionounos, pero o máis chamativo foi o cadro no que ela se autorrepresentaba coa columna rota e chea de cravos dispostos por todo o corpo. O cravo máis representativo daquela imaxe estaba situado sobre o seu peito esquerdo, sobre o seu corazón que aquel terrible accidente tanto lle magoou.

Isto é un sinxelo resume da visita que realizamos á exposición da célebre mexicana **FRIDA KAHLO**.

Sen dúbida foi unha experiencia marabillosa.


Sandra López López, 1º ESO B
Tamara Salgado López, 1º ESO B



AS NOSAS VIAXES CULTURAIS

VIAXAMOS ATA SOTAVENTO

Os alumnos e alumnas do terceiro ciclo de Educación Primaria fomos ata o Parque Eólico de Sotavento, en Xermade, para comprobar que o que estudiamos na clase de Coñecemento do Medio sobre as enerxías renovables era certo.



Ó chegar, tres monitores saíron a recibirnos e logo pasamos a presentarnos mutuamente (momento que recolle a fotografía), explicáronnos en que ía consistir a visita.

Primeira visita, sala de ordenadores. Alí comprobaban o funcionamento de tódolos aparellos do parque.

Segunda visita, **obradoiro de enerxía**. Alí atopábase o primeiro motor que se utilizou para mover as pás dos aerogeneradores do ano 1984.

Visitamos logo unha sala informatizada onde había un televisor e ordenador..., alí déronnos uns consellos prácticos para aforrar enerxía na nosa vida cotiá. Comprobamos que tódolos aparellos conectados nunha regreta e apagando esta cando non os utilizemos supón un aforro de enerxía considerable. *"A enerxía máis eficiente é a que non consumimos"*.

Pasamos ó taller de manualidades onde, con bolsas de plástico, fixemos cometas que logo fóra comprobamos como voaban.



Sáimos fóra. Visitamos unha placa solar. Con ela quentaban a auga de todo o edificio.

De seguido fomos ata os aerogeneradores. O primeiro que nos chamou a atención foi que en todos eles había debuxos alusivos ó Quixote. Explicáronnos que como o ano pasado foi o ano do IV centenario da publicación do Quixote, ocorríraselles a idea de relacionar os muíños de vento da obra cos aerogeneradores e que estes fosen un lugar perfecto para narrar a relación que ten o Quixote co vento.

O seguinte paso foi entrar nun dos aerogeneradores, o máis grande: Medía 65 metros de altura e cada pá medía trinta metros e pesaba seis toneladas ¿Imaxínádelo? Entramos ¿canto nos gustaría subir ó cume? ¡Non podía ser!, eramos nenos....Oscilaba co vento e o ruído era atronador. Aquí acabou a visita. O resultado foi exitoso, porque estamos convencidos de que a enerxía eólica ten futuro e encima NON CONTAMINA.

Alumnado do 3º ciclo de EP



VIAXE A ANDORRA

A viaxe a Andorra foi unha saída chea de emoción, ledicia, preocupacións, choques cos esquis...

Sáímos un sábado, xa entrada a noite, liderados por Óscar, o profesor de ximnasia, e Sonia a profesora de Plástica. Chegamos a Andorra o domingo, cando o sol saía de entre os cumes dunhas montañas tan altas e ateigadas de neve que parecía formar parte do ceo. O primeiro día tomamos contacto con aquela cidade, pouco maior que Sarria. Todos os excursionistas decidiron, este mesmo día, realizar as súas primeiras compras.

O día da chagada, tamén fomos alugar o material para esquiar e finalmente fomos ó hotel Viena, onde nos hospedamos.

Durante toda a semana, fomos esquiar polas montañas, cando o frío se che metía polos ósos. Saíamos as pistas nun teleférico no que moita xente non confiaba. Ó chegar ás pistas poñíamos os esquis e ¡ala! A esquiar. Sí, os primeiros días andabamos máis pola neve que erguidos, pero despois e grazas os profesores que nos ensinaron a esquiar, logramos suxeitarnos cos esquis de pé na neve e ata conseguimos subir ás pistas negras, as máis difíciles de toda a estación. Pero para subir a estas pistas había que ir nun *telesilla* no que máis de un caeu de cú. Todos disfrutamos descendendo aquelas costas cheas de neve, nas que a xente se che cruzaba e te tiraba ó chan sen ningún motivo.

Todos logramos descender aquelas ladeiras empinadas cheas de neve, xeo, pero con máis dunha caída.

Durante toda a emocionante semana, xantamos nas pistas, onde a comida nos gustou a case todos. Ó voltar das pistas, sobre as cinco podíamos ir de compras por Andorra, e tamén certos días realizamos algunha actividade programada polo noso guía Fabían: como ir de discoteca, a patinar sobre xeo, a Caldea (un balneario). E cando xa chegaban ás 8,30 todos tiñamos que encontrarnos no hotel para ir a cear ó restaurante. Ó acabar de cear, tiñamos tempo libre ata as doce da noite, horario que case todos cumpríamos.



En fin, foi unha excursión inesquencible para todos, que nos gustaría repetir para o ano próximo, pero durante un período de tempo máis longo, ¡xa me entendes para que!.

Pablo Rivera López, 2º E.S.O-A

EURO-SCOLA 2006



Por primeira vez alumnos deste centro participaron nunha edición do concurso "Euro-scola", organizado pola oficina en España do Parlamento europeo e a representación en España da Comisión europea. Nesta ocasión o título do concurso era a Unión solidaria e tratábase de acceder e participar a través de internet. O xogo consistía na resolución dunha serie de probas de coñecementos e de habilidade referentes ó tema da Unión Europea no mundo: a política exterior e a axuda ó desenvolvemento.

Para fomenta-la participación os organizadores estipularon un premio que consistía nunha viaxe a Estrasburgo (un premio por comunidade autónoma) para trinta alumnos acompañados de tres profesores para participar no programa Euro-scola do Parlamento Europeo, das actividades alí propostas e visitar esta institución. Ademais había premios outorgados pola Xunta de Galicia para os finalistas da nosa comunidade: unha viaxe de dous días a Santiago de Compostela, lotes de libros e cestas de comercio xusto. Todo o anterior fomentou unha alta motivación e así en Galicia houbo sesenta e tres centros participantes, sendo mil vintecincos os de toda España e vintetrés os do resto da Unión Europea.

O noso equipo constaba de dez alumnos voluntarios que contaban co apoio dalgúns compañeiros do centro e a supervisión e coordinación do profesorado do Departamento de Ciencias Sociais. En principio pensouse unicamente na participación de alumnos de 4º da ESO pero, dado o grande interese que suscitou entre outros rapaces de distintos cursos, finalmente decidiuse que o equipo quedase formado por alumnos de distintos cursos, todos eles maiores de trece anos.

As probas das que constaba o concurso dividíanse en dúas fases. Na primeira delas había tres rutas e en cada unha destas tiñamos que superar dous

tipos de probas: individuais e colectivas; as individuais eran xogos de ordenador moi divertidos que tiveron moi entretidos a todos aqueles que foron participar; pola súa parte as probas colectivas consistían en preguntas breves, sopas de letras, adiviñar unha imaxe, completar frases..., todo elo referido a unha serie de países do Terceiro Mundo no que se está a producir a colaboración da Unión Europea; para a súa solución contábamos coa axuda dunha serie de direccións de internet e de todo o material que quixéramos empregar. En principio pode parecer que estas probas colectivas foron aburridas ou un "rollo", pero na realidade lograron entusiasmar ós participantes que se mantiñan enganchados ó xogo para ir acadando os obxectivos e gañando puntuación. Xa na segunda fase había unha proba final na que se facían cuestións relativas á Unión Europea, os seus organismos e a súa axuda ó desenvolvemento dos países do mundo subdesenvolvido: éstas eran cuestións moi concretas e dunha maior dificultade, xa que contaba o tempo e había que contestar coa maior rapidez posible, pero era unha fase moito menos duradeira (a primeira durou seis semanas e ésta tan só tres días), polo que tampouco resultou agobiante.

Finalmente queremos salientar o gratificante que resultou esta experiencia e animar dende estas páxinas a continuar en vindeiras edicións do concurso. Non debemos esquecer que era a nosa primeira experiencia deste tipo e que acadamos un meritorio decimonoveno posto na clasificación entre os centros de toda Galicia, o cal é dobremente meritorio se temos en conta as características dun CPI, o número de alumnos con que contamos, os medios, horario disponible, etc. En definitiva, trátase dunha moi divertida maneira de aprender algo sobre o noso mundo, de relacionarnos e de compartir o tempo cos nosos compañeiros. Por todo o ano que ven esperamos continuar participando: temos posibilidades de mellorar a clasificación deste ano, e o que temos, sen dúbida, é moitas posibilidades de pasalo ben.

(Dpto de Ciencias Sociais)

FALAMOS DA NOSA HISTORIA

Unha viaxe imaxinaria a San Andrés de Teixido



Era mércores , sete de xaneiro , e agardabanos unha boa noticia . Ese día , no tempo de lecer entre o frío e os nervios nin sequera poidemos xogar . Dalí a uns cinco minutos chega Conchita , a nosa profesora de Relixión e ó vernos tan inquedos preguntanos o motivo :

- ¿ E que vos pasa ? ¿ Por que estades tan inquedos? Ó que nos respondemos, coa boca case conxelada polo frío :

- E que o noso titor , Don Xaime , tennos unha boa noticia , pero non sabemos de que se trata . ¿ sabes ti algo, profesora?
- Eu non vos debería dicir nada pero algo oín de que iades ter unha excursión .

A profesora xa marchou , e nós, con esa noticia, aínda quedáramos mais inquedos . Toca o timbre e tocaba inglés e logo galego . Non se nos daban pasado o tempo , foi como se os reloxos se parasen na nosa contra pensábase todos moi intrigados . E por fin chegou a clase de galego . Don Xaime entra pola porta e todos comezamos a preguntar :

- ¿ Que è? , ¿ Que è? , díganolo, por Deus .
- Se non calades, non volo digo

Pasada a clase , Don Xaime afirmou :

- O vindeiro mércores iremos de excursión a San Andrés de Teixido Todos estabamos moi contentos por ir de excursión , pero o que non sabiamos era a ...¿A qué iamos?

Moi longa se nos fixo a semana, ata que por fin chegou o martes , só faltaba un día estabamos cos nervios a flor de pel . Ó acabar clase fómonos todos para a casa ,a

prepararmos as mochilas , nosas nais metéronnos os bocadillos de nocilla e unha botella de auga e pola contra nosos pais os mp3 e as cámaras de fotos . Deitámonos nerviosos,ninguén con sono, sò coa ansiedade de que pasara a noite .No amencer seguinte estabamos desexando chegar. Collemos a mochila e marchamos rumbo ó colexio, ó chegaren todos estabamos esperando a que chegara o autobús para ir a Coruña, a San Andrés de Teixido . Unha vez no autobús rimos , xogamos e sobre todo pensamos no ben que o íamos pasar. Por fin cegamos. Era un sitio impresionante.Un santuario , postos para mercar roscas , pasteis , roscos e cousas típicas , tamén había un posto para vender camisetas , recordos de San Andrés de Teixido... Nunha esquina había un señor moi vello que o daban por tolo . El berraba :
-Nenos , nenos ¡¡ vinde aquí !!

Nós por curiosidade, achegámonos e nese momento dixo :



- ¿Queredes que vos conte a lenda de San Andrés de Teixido?
Nós, mirando a Don Xaime , que nese momento moveu a cabeza como dicindo que o escoitásemos e el tamén se achegou entón o señor dixo :

- Cando noso Señor andaba polo mundo xunto con San Pedro , chegou unha vez a Teixido , e ían tan cansos e tan ardidos de sede , sin poderen atopar auga ninguna para beber , que noso Señor pediu axuda ò ceo , e o ceo mandoulle unha mazà , e ò partila en dúas para comela , no medio da mazà , atopou a San Andres que se laiou de que ò seu santuario ían moi poucas persoas , embora ser santo milagreiro, en canto a Santiago eran milleiros os que asistian . Naquel lugar, Cristo , despois de facer surxir unha fonte, fixolle a promesa de que ninguén habería de entrar no ceo sen visitar antes o santuario :

*Quédate aquí, santo Andrés
Que de vivos ou de mortos
Todos te virán a ver .*

Logo marchamos dar unha volta e atopámonos cun cura que nos dixo:

- Non lle fagades caso ese vello tolo . Eu contareivos a verdadeira lenda:
- “Uns mozos que van de romaria a San Andrés de Teixido. No camiño atopan unha caveira .Un deles dálle unha patada e os outros animados polo exemplo , axudan, levándoa deste xeito ata preto do santuario.

Cando estaban chegando ,un deles propón deixala ; pero outro contesta :
Xa que queda pouco camiño, levémola ata alá, e aínda podemos convidala a comer conosco ‘‘.Chegan a Santo Andrés ; e alí acaveira vólvese por completo en cabeza humana e dilles òs mozos : ‘‘Moitas gracias , amigos meus ,pois coa vosa axuda puíden chegar ata aquí e facela romaria que non fixen en vida’’.

Sabendo estas dúas lendas todos quedamos abraizados , chegaba a hora de xantar. Fomos xunta ó noso titor para coller os bocadillos e comer a sombra dunha carballeira . Cando rematamos, fomos a uns postos para mercar algo . A meu pai merqueille unha figuríña de porcelana, a miña nai unhas roscas,a miña avoa unha bola de pan centeo e a miña irmà unha camiseta que ponía ‘‘ San Andrés de Teixido , **quen non vai de morto vai de vivo**’’.

Aquí remata a nosa visita, despois de ter aprendido tan maravillosas historias sobre San Andrés de Teixido.

*Virginia Vázquez Méndez e Vanesa Valcárcel García
(1º ESO-B)*

COUSAS DO NOSO AGRO

As vacas: razas autóctonas

(Alumnado de 1º ESO-B)

Galicia polas súas características climatolóxicas sempre foi un país gandeiro. En épocas non moi lonxans, antes de que o campo se mecanizase, a vaca, ademais de dar leite, era animal de tiro, xunguida ó carro, facía as labores que hoxe fan os tractores e outras máquinas.

Unha meirande parte da gandería galega adícase hoxe en día a produción de leite, con razas de vacas de importación; polo que unha gran parte das razas autóctonas están a desaparecer, ou en perigo de extinción.

Nós citamos aquí, na nosa revista, varias desas razas de vacas que outrora moraban polos campos de Galicia.

Raza rubia galega:

Pode dicirse que é a raza vacuna autóctona máis numerosa. Fai anos extendíase polas catro quintas partes de Galicia.

A descripción que fai o *catálogo de razas autóctonas españolas* de 1981 di: "cabeza alongada nas femias e curta nos machos, fonte plana, cara longa e morro ancho. Cornos de tonalidade rosada, tirando a brancos na base. Rexeitaranse os que sexan totalmente negros ou pizarrosos; ollos de mirada tranquila e orellas voluminosas."

A súa cor é fundamentalmente loura, que pode ir dende as tonalidades amarela a vermella. A cor debe ser uniforme. Só se admiten algunhas variacións nas extremidades e na cola, morro e arredor dos ollos.

En canto a súa produción, ata os anos sesenta foi considerada de aptitude triple: **traballo, leite e carne.**

A provincia de Lugo foi a raíña da raza rubia galega.



Raza caldelá:

O nome desta raza, que hoxe está en trance de desaparición, vén de *Castro Caldelas*.

A súa orixe é antiquísima, non ten nada en común coa raza rubia galega. Esta raza estivo extendida polos municipios ourensáns de A Teixeira, Montederramo, Manzaneda, Parada de Sil.

Era unha raza que se adaptaba moi ben ó medio montañoso. Presentan fronte ampla, cabeza proporcionada, cara alongada, morro de cor pizarrosa, rodeada por unha orla branca; cornamenta de mediana lonxitude, orellas horizontais e de tamaño medio; as extremidades finas, adpatadas á montaña. Tamén teñen tonalidades moi craras e incluso manchas brancas na base da ubre.

Esta raza estaba destinada á produción de carne e ó traballo.



Raza limiá:

Esta raza é propia da comarca ourensá da Limia. Quizais sexa un cruce das razas caldelá e rubia galega. Son consideradas as xigantes da especie bovina, polo seu gran tamaño. A súa cor é xeralmente castaño con escurecementos periféricos. Os cornos en gancho alto coas puntas voltas para fóra.

As vacas de raza limiá apenas se utilizaron para a produción de leite. As súas crías son de gran tamaño e peso, pero de lento crecemento.

Daban excelente resultado como animais de traballo. A súa carne é excelente.



Razas verinesa e vianesa:

Estas razas son tamén orixinarias da provincia de Ourense, é decir, das comarcas de Verín e Viana do Bolo.

Son practicamente dúas variantes dun só grupo étnico, con poucas diferencias. A súa cor é castaño craro, ubre rosada; a cabeza máis ben tirando a pequena, a cornamenta bastante aberta, voluminosas pezuñas, grandes duras e negras. Esta raza estaba destinada sobre todo á carne.



Raza verinesa



Raza vianesa

Raza cachena:

Esta é unha raza practicamente en extinción, dunha beleza singular: de cor castaño craro e unha cornamenta de enorme tamaño.

A femia non entra en celo ata que cumpre catro anos, cando acada un peso vivo dos 200 quilos. A súa área de expansión foi no monte Saxo, en Entrimo, preto da fronteira portuguesa.

A carne desta raza de vacas, en perigo de extinción, está sendo moi apreciada; tanto é así que unha carnicería de Madrid vende esta carne con moita aceptación e a un bo precio.



COUSAS DO NOSO AGRO

Un mellor aproveitamento dos xurros

Nas explotacións gandeiras galegas prodúcese unha gran cantidade de xurros. Unha correcta xestión dos mesmos faríalos máis rendibles e menos contaminantes

A correcta xestión do xurro que se produce nas explotacións gandeiras de Galicia permitiría empregalo como abono substitutivo dos fertilizantes minerais que se empregan para favorecer o crecemento dos cultivos agrarios, segundo explicou o enxeñeiro agrónomo e investigador do Centro de Investigacións agrarias de Mabegondo Juan Castro Insua.

Este investigador salientou as propiedades ambientais do purín e afirmou que unha correcta xestión e manexo do xurro permitiría ás explotacións agrogandeiras que teñan unha abundante carga agrogandeira axeitada. Castro Insua ve preciso mellorar o manexo do xurro para evitar posibles problemas de contaminación.

“O código de boas prácticas aconsella deixar dez metros dos cauces de auga e a directiva europea de nitratos que evalúa a calidade das augas obriga a declarar zonas vulnerables aquelas nas que se rexistra unha elevada concentración de nitratos nas augas”, explicou Castro Insua.

O purín producido en Galicia cada ano polo gando vacún de carne de leite e porcino que estabulado en explotacións intensivas pódese valorar, en función do prezo que levan na actualidade outros fertilizantes sintéticos, en torno a 127 millóns de euros, dos que un 44% corresponde ao valor do nitróxeno, segundo di o investigador Juan Castro Insua.

A maior parte do xurro producido en Galicia corresponde ás granxas de



vacún de leite. De feito, o valor económico da produción destes residuos orgánicos é superior ó da produción final do gando porcino criado nesta comunidade ou tamén á produción do sector forestal na provincia da Coruña.

Respecto do aproveitamento do xurro como abono, e tendo en conta as necesidades medias de abonado medio por hectárea de superficie agraria e forestal de Galicia, o xurro xerado na comunidade cubriría as necesidades de abonado de 234000 hectáreas de superficie, segundo as estimacións levadas a cabo polo enxeñeiro agrónomo do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

(Iago Jscob e Iago Fernández, 2º ESO-A)

OS CASEIROS

O caseiro é unha persoa que administra ou traballa as terras doutros. É unha das modalidades tradicionais de explotación de terra en Galicia.

Eladio Rodríguez definiu o caseiro como un *colono ou rendeiro que leva en arrendamento un casarío ou lugar acasado*, para cultivalo, coidalo e pagar por el parte das colleitas, conforme ó que conviñera co propietario, xa fose a medias, a sabido, a tercio, etc.

O contrato que regula as relacións entre o propietario e o posuidor é o arrendamento ou, o que é o mesmo en tecnicismo xurídico romano, a locación. O termo de caseiro impúxose fronte ó de colono, inquilino, parceiro ou arrendatario pola súa maior idoneidade.

Había caseiro rico, de casa señorial ou de pazo, e caseiro pobre, con casa só suficiente para a subsistencia. Xeralmente, o caseiro dirixía unha explotación grande e tiña a consideración de igual có pequeno propietario; nin económica nin socialmente o caseiro se fixo obxecto de ningún tipo de discriminación, polo mero feito de selo, con respecto do labrador corrente.

O caseiro non lle pagaba ó propietario unha renda fixa en metálico, senón unha renda variable en especie, segundo o que o casar producise. O propietario non se limitaba a cobra-la renda, desentendéndose totalmente do resto, senón que participaba no gando, nos útiles de labranza, etc. Adoitaba vivir no propio casal, na casa principal, ou ben reservaba uns cuartos na única casa.

Esta práctica xa se coñece no século XVI. Na idade media o arrendo máis xeneralizado era o **foro**, que incluía cláusulas de vasalaxe. Na idade

moderna seguiu primando o foro, pero transformouse progresivamente nun contrato meramente económico e perdeu paulatimamente tódalas cargas señoriais. O foro era un arrendamento a moi longo prazo ("*tres vidas de tres señores reis*"). Desta maneira o foro nunca ocasionaba caseiros, senón propietarios

Unha variedade de caseiros eran as chamadas *vacas de cabana*, que consistía que un propietario ou señor con poder económico lle mercase as vacas a un labrego e logo as ganancias desas vacas (crías etc..) eran a medias.

En Galicia, terra de pequenos propietarios, os caseiros nunca abundaron. O seu auxe produciuse xa na idade contemporánea, cando, nun marco económico baseado na agricultura, triunfou a propiedade sobre a posesión e, en consecuencia, a parcería e o arrendamento a curto prazo. A imaxe máis típica do caseiro é unha familia numerosa transhumando dun lugar a outro, o que deu lugar ó refrán: "*caseiro dun ano, criado dun mes*"

Ata os anos 70 do século pasado, a poboación activa agraria non baixou, polo que cabe pensar que os caseiros se viron favorecidos polas correntes migratorias, xa que eles substituían, de maneira selectiva, ós que se ían. A partir da década dos 70, coa expansión económica, a axuda dos emigrantes fixo que o caseiro tendese practicamente a desaparecer.

Na actualidade o 98,8% das explotacións con terras en Galicia é propiedade de quen as traballa, o 0,4% está en réxime de arrendamento ou parcería e o 0,8% baixo outros réximes, entre os que estarían os últimos caseiros.

Pablo Rivera, 2º ESO A

ÁRBORES EMBLEMÁTICAS EN GALICIA.

A árbore máis antiga de Galicia é un carballo duns 2000 anos , situado na antiga calzada romana que unía Lugo coa cidade portuguesa de Braga.


É a primeira, en idade , das 250 árbores consideradas monumentos do noso patrimonio natural. Esta e as outras 249 restantes necesitan , urxentemente , unha protección eficaz.

Algunhas árbores desa relación son:

- O ciprés de Samos , que xa pasa dos 1000 anos.
- Un metrosideros ,ou *árbore das bruxas*, que chegou á Coruña , dende Nova Celandia , hai máis de 400 anos.
- Un eucalipto chamado *o Avó*, en Viveiro, que mide máis de 85 metros
- Un teixo , do teixido de Casaio , de 21 metros.

Nós temos a obriga de respectar todas as árbores, sexan ou non centenarias. Xa dicía Castelao .” *Vale máis un país con árbores que un país con ouro nos bancos.*

Vistas do ciprés de Samos



O QUECEMENTO GLOBAL E A SÚA INFLUENCIA NO CLIMA

Aumento da temperatura da Terra debido o uso de combustibles fósiles e a outros procesos industriais que levan a unha acumulación de gases invernadoiro (dióxido de carbono, metano, óxido nítrico e clorofluorocarbonos) na atmósfera. Dende 1896 sábese que o dióxido de carbono axuda a impedir que os raios infravermellos escapen o espacio, o que fai que se manteña a unha temperatura relativamente cálida no noso planeta (efecto invernadoiro). Sen embargo, o incremento dos niveis do dióxido de



Anna E. Zuckerman/Tom Stack & Associates

carbono poden provocar un aumento da temperatura global, o que podría orixinar importantes cambios climáticos con graves implicacións para a produtividade agrícola

En Xaneiro de 2001 a Comisión Intergubernamental da ONU sobre o cambio climático presentou un informe no que se ponía de manifesto que a temperatura media da Terra aumentara 0,6 grados no século XX. A se mesmo este informe prevee que a temperatura media do planeta subirá entre 1,4 e 5,8°C entre 1990 e 2100. Este aumento provocará cambios no nivel do mar, diminución da cuberta de xeo e neve e aumento da temperatura media dos océanos.

O Ártico está quentándose máis deprisa que a maior parte do planeta. Os seus xeos están fundíndose, tanto os que están na Terra como no mar. O vertido de auga dulce nos océanos podría alterar o curso das correntes, que desempeñen un papel de vital importancia no clima. A auga de fusión dos glaciares están a contribuir no ascenso do nivel do mar en todo o mundo.



No próximo século algunhas costas retrocederán varios kilómetros, obrigando a duceas de millóns de persoas a desprazarse. Algunhas rexións podrían sufrir sequías severas e frecuentes. Tomadas medidas para limitar as emisións de gases do efecto invernadoiro podría reducir a gravidade de esos efectos.

O cambio climático amenaza con incrementar o número de vítimas da fame no mundo debido a redución da superficie cultivable nos países en desenvolvemento.

As perdas de produción agrícola polos efectos do cambio climático poden incrementar en forma dramática o número de vítimas da fame.

O impacto máis severo producirase nos países de África Subsahariana, que son os menos capaces de adaptarse ó cambio climático ou de incrementar as importacións de comida para compensar as súas consecuencias. Algúns países industrializados poden ver aumentar o seu potencial agrícola como resultado do quentamento global.

Nos países en desenvolvemento, os cambios no clima poden facer aumenta-las superficies de terras áridas e con déficit hídrico.

**SUSANA RODRIGUEZ BLANCO.
ALBA LÓPEZ FOLGAR.
MARTA LOPEZ PALLARES.
SUSANA CAPON MERA.**

ESPECIES EN PERIGO DE EXTINCIÓN EN GALICIA

(Vanesa, Virginia e Tamara, 1º ESO-B)

No mundo pérdense centos de miles de especies, unha especie en perigo de extinción é unha especie que pode extinguirse nun futuro próximo. Para todas as especies naturais, vexetais e animais, vivir constitúe un perigo cotidián, deben cuidarse dos seus conxéneres, especialmente do home. Os desastres ecoloxicos, a deforestación e outras consecuencias da acción humana a veces irreparables.

PRINCIPAIS CAUSAS DESTE PERIGO

- 1º A persecución e matanza polo valor das súas peles.
- 2º A caza intensiva e a pesca intensiva para comercializar as súas carnes.



- 3º A contaminación das especies estrañas no seu habitat, o que podíamos da en chamar "especies invasoras".

- 4º Moitos dos grandes empendimentos como represas, hidrovías etc... que o home constrúe.

- 5º Pérdida de petróleo, que contamina mares.

- 6º Accidentes naturais como a "morte gris" erupción dos volcáns que lanza a atmosfera, nubes de cinza e gases con alto contido de azufre.

- 7º Tamén hai que engadir a acción doutros contaminantes coma a de axentes químicos (plomo, urano, polonio)

- 8º Accidentes varios, intencionados ou non, coma incendios de bosque, choque de barco...

O LOBO

Foi perseguido pola fame, xa que se considerou o seu principal inimigo. Tanto o home como o lobo competían na antigüidade polo alimento. Se a todo isto sumamos o medo, que o feroz lobo despertaba entre os homes, pódese comprender as persecucións que sufriu o animal e que case lle levan ao exterminio. Hoxe en día o lobo xa desapareceu de moitas zonas da nosa península.



A PITA DO MONTE

Seguramente esta desapareceu polo deterioro do seu medio natural, a caza etc... Mal lle vai ir a esta pita do monte que se cría en cautividade. Sen dúbida en Galicia desapareceu por moitos motivos: a desidia dos nosos gobernantes, as alteracións do seu habitat, as molestias dos humanos, os cazadores, os furtivos etc. en Galicia prihibiuse a súa caza.

Por iso debemos concienciar o serio perigo que corren estes animais e intentar poñer medios para evitar a súa extinción.


SE NOS POÑEMOS A PENSAR

Nas especies que orixinariamente non eran galegas mais que viñeron á nosa

terra, teremos que recoñecer que boa parte das leiras do país están cubertas de plantas americanas coma as patacas, o millo ou os tomates, que as vacas de leite son de raza frisona e que ata agora a polémica uva albariña trouxeron monxes polo século XII



Nembargantes, non todas as variedades importadas, de xeito consciente ou de modo accidental polo home quedaron restrinxidas a campos de cultivo e hortas. Moitas delas expandíronse fóra dos límites da actividade humana e iniciaron unha nova vida nos nosos montes, algunhas con tal éxito que mesmo ameazan con mudar irremediabilmente dalgún xeito os nosos ecosistemas.



OSO PARDO

O oso pardo é un animal típico de Asturias. Vivían por exemplo no bosque de Somiedo, nos montes de Guadalupe, nos Picos de Europa. Os osos son animais áxiles e rápidos aínda que o seu tamaño é moi grande pode chegar a pesar 180 quilos e medir ata dous metros. Polo seu aspecto feroce e polo seu tremendo apetito foi perseguido e cazado sen darlle descanso. Xa tantos osos cazaron e mataron que apenas queda ningún.



A AGUIA

A águia é outro dos animais que está en perigo de extinción. Son animais moi vistosos e áxiles e constrúen os seus niños de palla e outros materiais dun xeito moi sólido. Poñense no cable da luz e sacan peito. Fai graza!!! se as virais!!! son moi guapas. Danme pena, son coma nós, seres vivos. Viven



en parellas, nas árbores altas e teñen boa vista. Voan a moita altura, pero divisan as súas presas, coma serpes, ratos, etc e baixan velozmente por elas.

Caza

A caza é inútil, unha matanza sanguinaria que non ten compasión dos animais, o cazador deportista, é aquel que non necesita cazar para sobrevivir, só o fai por diversión mal sá. Non son poucos os motivos polos que rexeitar este sanguinario deporte: diñeiro negro, extinción de especies, crueldade hacia os animais... A corrente ecoloxista actual obrigou aos cazadores a auto-etiquetarse. Todos os anos disparanse 300 millóns de cartuchos que conteñen 84 millóns de perdigóns que quedan ciscados polos campos, montes e riveiras



PELES

Existen moitísimas razóns fundamentais para non usar peles dos animais:

O sufrimento: A industria peleiteira non só mata, senón que provoca intensos sufrimentos ás súas vítimas.



A morte de innumerables animais: chinchillas, focas, zorros, visóns, etc.

Extinción de especies: A industria peleiteira extinguiu xa o visón de mar, o zorro das Malvinas e en España animais como a garduña de Ibiza. **Manipulación genética:** realízase unha cría selectiva baseándose en características tales como a calidade do pelo u o éxito da reprodución

Introducción de especies exóticas: que é unha das peores consecuencias dende o punto de vista ambiental.

OS OFIDIOS EN GALICIA

Os ofidios e mailo home manteñen un pulo dende antano. Aínda mais, diríamos que o home lle ten declarada a guerra ós ofidios. Encol desta guerra surxiron diversas lendas e contos.

Hábitat:

O hábitat das cobras é máis diverso, o único que as condiciona é o sol e a calor, de maneira que escapan dos bosques pechados, os barrancos húmidos e os montes con excesiva cobertura arbustiva.

Bioloxía:

Todos os colúbridos con excelentes depredadores, atrapan ás súas presas, mediante mordiscos para apretalas e inmovilizalas. Co primeiro mordisco, deixan que se alonxen e morran polo efecto do propio veneno mentras elas seguen o rastro coa axuda do seu complexo órgano olfactivo.

Reproducción:

O celo dos colúbridos pode presentar dous periodos ó longo do ano, un na primavera e outro no outono. O número de ovos das mesmas depende das distintas especies. Caso excepcional son as víboras, que en lugar de poñer ovos incúbanos dentro do seu organismo.

Cobra Bastarda:

É a maior das nosas cobras, pode chegar a superar os 2 m de lonxitude nos exemplares máis vellos. Ten a coloración xeral verdosa con escamas grandes e ben delimitadas.

Poboación e distribución: Presente nas catro provincias galegas, se ben na Coruña unicamente foi atopada no suroeste.

Cobra de Escaleira:



Os exemplares adultos alcanzan os entre 1.20 e 1.50 metros de lonxitude. Teñen dúas raias paralelas escuras que destacan ben sobre un fondo gris ou pardo claro. As partes inferiores son claras amarelentas xeralmente teñen de 201 a 220 escamas ventrais. As dorsais forman de 25 a 27 usualmente fileiras no centro do corpo.

Poboación e distribución: En todas as provincias galegas, aínda que na Coruña so fose citada no surueste. Tampouco hai citas no Norte de Lugo.

Cobra de colar:

É unha cobra que pode chegar a medir 1.60 metros. Teñen o corpo grosso. Posúen 19 fileiras de escamas dorsais coronadas na metade do corpo. A cor máis abundante né a verde.

Está presente en toda Galicia.

Cobra viperina:

Os exemplares adultos acadan unha lonxitude de case un metro. É máis parda cá de cadeneta. Ollos típicos de cobra coa pupila redonda. Presenta escamas dorsais carenadas, formando normalmente 21 fileiras no centro do corpo.

Atópase en todas as provincias galegas.

Cobra lisa europea:

Os exemplares adultos poden medir uns 60 cm. Cor pardo e grisáceo no dorso, con moitas manchas escuras.

Tamén esta presente en todo o territorio galego.

Cobra lisa mareidional:

De tamaño pequeno, pois os exemplares adultos apenas pasan dos 55 cm de lonxitude. Cor pardo grisáceo,

con manchas escuras sobre o dorso. Escama anal dividida.

Está presente nas catro provincias galegas, aínda que non se atopa no norde de Lugo.

Víbora de Seoane:

É moi robusta, pode chegar a medir un metro de lonxitude. Ten unha soa aliña de escamas suboculares e de 132 a 158 escamas ventrais. A cor do dorso é variable.

Foi citada nas catro provincias galegas.

Víbora fociñuda:

Serpe de tamaño mediano. Os maiores exemplares poden acadar os 75 centímetros. A pupila vertical é outra das singularidades da víboras.

Cítase en Ourense e no sur de Lugo.



Alba Rodríguez Fuentes, 1º ESO-B
Sandra López López, 1º ESO-B
Lara Fontebao Rodríguez, 1º ESO-B

AS AVESTRUCES:

As avestruces son as aves máis grandes do mundo, de pescozo moi longo e cabeza desproporcionalmente pequena. Non son voadoras pero sí unhas grandes corredoras.



As femias, na primavera, época de posta, volvense moi agresivas. Tamén nesta estación os machos pónense no seu punto máximo de agresividade e actividade. Para demostralo son capaces de producir sonidos guturais roncós e profundos que lles son tan característicos que se poden oír a 2 quilómetros de distancia. Outra manifestación frecuente de forza ofrécena botándose ó chan coas ás estendidas ó tempo que cun pronunciado movemento lateral de pescozo golpean o corpo ca cabeza a un lado e ó outro producindo un ruído rítmico (toc,toc,toc...)

Estas aves tan peculiares pensábase que non se poderían adaptar ó clima galego (humidade, xeadas, épocas de neve...) pero os primeiros ensaios de granxas de avestruces están funcionando moi ben e aumenta moito a súa creación pola gran repercusión económica que teñen. Nas granxas encérranse ós adultos por tríos; un macho e dúas femias. Hai que cercalo terreo, e incluso reforzar as cerca, xa que os machos pelexan entre eles, sempre o fan da mesma maneira: estirando o pecezo, levantando as ás e golpeándose co peito.

As femias ploñen os ovos de maior tamaño, poden poñer ata 60 ó ano; cando incuban (nas granxas, artificialmente) estes poliños poden medrar ata 1cm. diario, estes pequenos animais, con 24 horas de vida xa corren e buscan o sol, aínda que non o aturan moito tempo pois precisan lugares á sombra. Os 5 e 6 primeiros días non comen, van asimilando a xema que os alimenta e lles proporciona defensas. Nestes primeiros días perden peso, pero de adulto obtéñense ata 700 quilogramos de carne.

Débesse proporcionar ós poliños un espazo sen risco de accidentes nin intrusos xa que reaccionan de forma inesperada; podendo saír disparados en calquera dirección, de repente e sen mirar, nestas condicións, o que se interpoña no seu camiño e risco seguro de accidente. Tamén é

importante limpar os posibles obxectos que **queden estraviados**, pois comen **todo** o que atopan. As crías de 5 e 6 meses resisten 3 noites seguidas a **intemperie**, durmindo incluso sobre neve e a 7 e 8 grados baixo cero.

A avestruz está nestes momentos sendo un animal moi preciado nos restaurantes galegos: a súa carne estadisticamente ten un nivel de colesterol, **graxas** e calorías moi inferior a de boi, porco, polo, cordeiro... Desta ave cómese case todo: o figado, a morzoa é esquisita, anque algo dura de



cociñar; o pescozo, o máis apreciado polos expertos; e, ¡como non!, os ovos que paso a decirlles como se casca un que dá para 15 persoas: sostense verticalmente sobre unha man e golpéase a casca cun coitelo grande ata que se produza unha greta, darlle a volta e golpear polo outro lado, ata poder separar as dúas porcións de casca coas mans (os pouco espertos poden poñer ó seu redor cinta de pegar ou esparadrapo para non romper en esceso a casca). Agora vou dar unha receita que se pode elaborar coa carne das avestruces:

Bistec de Avestruz ó viño tinto

(4 persoas persoas)

Ingredientes:

-600g. De bistec de Avestruz, - pimenta negra en gran, 1/2l. de viño tinto, -1 cebola, 1 cenoria, -1 puerro, -aceite de oliva.

Preparación:

-Poñela carne salpimentada ca cenoria, a cebola e o puerro en juliana, a pementa e o viño. Deixar macerar 24h. na neveira. Os bistecs friense con aceite volta e volta. A salsa despois de pasar pola batidora sofriese con pouco lume. Engádesse por riba dos bistecs.

Sandra López López 1B ESO.

CURIOSIDADES

(Iago Jacob, Rebeca Capón e Sandra García de 2º ESO- A)

Traemos á nosa revista unhas cantas curiosidades prácticas que coidamos que poden ser de interés para os nosos lectores

Indagando a altura dunha árbore

•Material


- Cinta métrica
- Papel
- Lapis
- Un pao

•Procedemento

Para calcular a altura dunha árbore podemos comparala coa de algo ou alguén que poidamos medir, por exemplo un amigo.

Primeiramente medimos a altura do amigo e anotámola. Despois, a persoa colócarase ao pé da árbore e ti uns cantos metros alonxado e cun pao na man esquerda, de xeito que o brazo que suxeita o pao estea estendido cara a árbore. Temos que situar o pao de maneira que coincida o extremo superior coa cabeza do amigo e facer un sinal co lapis no punto do pao ao que vemos os pés.

Manténdonos no mesmo lugar e na mesma posición, movemos o pao cara arriba ata que o extremo superior coincida coa parte máis alta da árbore e facemos outro sinal no punto do pao que coincida co pé da mesma. As dúas marcas indican cuántas veces é máis alta a árbore que o noso amigo.



OUTRO PROCEDIMENTO SINXELO

Tamén podemos calcula-la altura dunha árbore dun xeito moi sinxelo:

- Medimos a nosa altura e medimos a lonxitude da nosa sombra (para iso cómpre que luza o sol).
- Medimos a lonxitude da sombra da árbore nese mesmo momento.
- Logo facemos a seguinte regra de tres:

Se tantos centímetros de sombra miña, dan tantos cm de altura, tantos cm de sombra da árbore darán x cm de altura.

Poñamos un exemplo práctico:

Supoñamos que ás doce do mediodía a miña sombra mide 190 cm e que eu mido 165 cm de altura.


Mido a sombra da árbore e dáme 560 cm.

Agora fago a seguinte proporción

190 cm da miña sombra-----165 cm altura (miña)
560 cm sombra árbore----- x cm altura árbore

$$\frac{560 \times 165}{190} = 92400 \div 190 = 48631 \text{ cm}$$

Ou sexa, que a citada árbore mediría 4,86 m de altura.



¿Cal è a idade dunha árbore?

Procedemento:

Aínda que non hai ningún procedemento sinxelo que permita coñecer exactamente a idade das árbores, si que hai varios que nos permitan unha aproximación aceptable.

1.- En primeiro lugar o típico procedemento de contar os aneis de crecemento. Ten inconveniente de que só é válido para árbores que estean cortadas transversalmente e que ás veces poden aparecer falsos aneis debido sobre todo ás secas fortes, defoliacións, etc.

O procedemento consiste en contar o número de aneis, que coincidirá co número de anos, porque cada anel corresponde a un ciclo anual de crecemento en grosor. Agora ben, hai que reseñar que cada anel consta de dúas partes: unha interna clara e outra externa escura. Este procedemento baséase en que o **cambium**, que é o tecido responsable do crecemento en grosor das árbores, está suxeito na maior parte das zonas temperadas a unha actividade periódica, de xeito que as árbores medran sobre todo durante a primavera e algo menos no verán e outono.

Entón o **cambium** na primavera orixina vasos conductores anchos de luz ampla que lle dan unha cor clara constituíndo a madeira de primavera.

No verán, os vasos que se forman teñen paredes grosas e luz estreita, dándolle unha cor escura á madeira.

Ademais de calcular a idade das árbores, observando os aneis de crecemento podemos deducir:

- que anos foron máis húmidos e cáles máis secos (trátase de mirar a anchura dos aneis);

- en que anos se fixeron talas (comprobar se a partir dese momento aumenta a anchura dos aneis);

- cómo é o crecemento segundo a orientación da árbore (observa se a anchura dos aneis é maior cara un lado que cara o outro).

2.- Outro dos procedementos, válido no caso do piñeiro, consiste no seguinte:

Cóntanse o número de verticilos, que son zonas da árbore onde saen grupos de pólas e que corresponden cada un a un ano.

Só hai que ter a precaución de que os verticilos dos primeiros anos adoitan desaparecer e a miúdo non queda rastro deles.

3.- Por último, o terceiro dos procedementos consiste en medir o perímetro da árbore a 1,5 m. do chan. Tendo en conta que a maioría das árbores das zonas temperadas medran 2,5 cm de grosor ao ano:

Dividindo o perímetro por esta cantidade saberemos de xeito aproximado a idade que ten. Hai que ter en conta que non todas as árbores cunpren esta regra, xa que árbores coma o castiñeiro, o teixo, ou o carballo teñen un crecemento máis lento, sen embargo abetos, eucaliptos e piñeiros medran máis rápido.



MANEIRA DE CALCULAR A CAPACIDADE DUN BOCOI


Medimos a distancia que hai dende o punto **A** ata o punto **B**, tal como indica o debuxo. Esa distancia expresamo-la en decímetros.

Elevamos ó cubo o que nos dá esa distancia expresada en decímetros e multiplicamo-la por 0,625 e isto dranos a capacidade do bocoi en litros

Vexámolo cun exemplo práctico:

*Supoñamos que a distancia do punto **A**, ou sexa da boca do bocoi, ata o punto **B** é de 60 cm (para medila servimonos dunha regra, ou dun bastón que introducimos pola boca do bocoi).*

Pasamos os 60 cm a decímetros e dámos 6; 6 elevado ó cubo dá 216 multiplicado por 0,625 dá 135 e isto sería a capacidade do bocoi en litros.




ACHAR O VOLUME DUN CORPO SÓLIDO MOI IRREGULAR

Se nos atopamos cun corpo sólido moi irregular e queremos saber o seu volume, podemos proceder do seguinte xeito:

Enchemos un recipiente de auga e este poñémolo dentro dunha tinalla, de xeito que poidamos aproveitar a auga que caia do recipiente.

Introducimos o corpo sólido no recipiente e a auga que desaloxe para a tinalla, medímola e esta dáranos o volume do corpo que metemos na auga.

Hai que ter en conta que os **litros** seran **decímetros cúbicos** e os **mililitros**, **centímetros cúbicos**.



CURIOSIDADES SOBRE O VIÑO

Un grupiño de alumnos e alumnas de 2º curso da ESO indagamos unhas cantas curiosidades sobre o viño e traémolas á nosa revista, porque coidamos que son interesantes.

A maduración e envellecemento dos viños dá lugar a unhas denominacións que convén saber:

VIÑO XOVEN:

Son viños do ano que conservan as características frescas e afroitadas da uva.

VIÑOS DE CRIANZA:

Son viños que pasaron por un período de repouso mínimo de 24 meses, dos cales, seis meses deben ser en barrica.

VIÑOS DE RESERVA:

Son viños que permaneceron en repouso 36 meses e deses, polo menos, 12 en barrica.

VIÑOS GRAN RESERVA:

Viños que excepcionalmente estiveron 60 meses en estado de repouso. En barrica polo menos 18 meses e o resto en botellas.

CONSUMO ÓPTIMO DOS VIÑOS:

Non existe unha táboa que indique ata canto tempo pode conservarse cada viño en condicións nóptimas. En condicións de conservación axeitadas, podemos dar as seguintes pautas:

VIÑO XOVEN:

Aconséllase que tanto os viños tintos, coma brancos se consuman no ano da vendima, ata a seguinte colleita.

VIÑOS TINTOS CON CRIANZA:

Estes viños poden conservarse en estado óptimo ata uns cinco anos.

VIÑOS BRANCOS CON CRIANZA:

Son viños que soen consumirse con dous anos de vida.

VIÑOS ESPUMOSOS:

Consérvanse por moi pouco tempo, polo que deben consumirse o antes posible.

VIÑOS RESERVA E GRAN RESERVA:

Estes viños poden conservarse en condicións óptimas ata uns quince anos.



CONDICIÓN PARA UNHA BOA CONSERVACIÓN DO VIÑO:

A bodega ideal debe ser fresca, húmida e escura. Nela non deben almacenarse outros produtos que dean cheiros fortes (allos, xamóns, embutidos etc.)

A temperatura ideal debería estar encol dos 12° C.

Ademais a bodega debe estar ben ventilada e estar alonxada das vibracións, como pode ser unha vía de circulación ou unha lavadora.

TEMPERATURA IDEAL PARA SERVIR CADA VIÑO:

Viños brancos:

- Cava e champagne, a 6-8°
- Branco xoven a uns 10°
- Branco dulce a uns 8°
- Branco maduros a 12°
- Branco xenerosos tipo Xerez a uns 12°

V iños rosados: a 9-10°

Viños tintos:

- Viño xoven de 9 a 12°
- Tintos maduros de 16 a 18°

Copa ISO: É a copa empregada nas catas profesionais e o seu nome obedece a que segue as normas da ISO (Internacional Standardization Organization). Ten forma de tulipa alongada que vai estreidándose lixeiramente cara a boca.

(Sandra, Rebeca e Sabela, 2° ESO A)

DISTINTOS TIPOS DE COPAS

Non todos os vasos que se usan para o viño son axeitados. Así, por exemplo, os de forma moi aberta permiten que os aromas se esfumen moi a présa. Tampouco son axeitadas as copas de cores, porque esconden a cor do viño.

Copas tulipa: Son as copas máis empregadas para beber o viño. Teñen forma esférica e alongada, semellando unha tulipa.

Copa tipo frauta: Son as copas que se empregan para beber cava, ou viños espumosos. É unha copa estreita e longa que permite o ascenso das burbuxas, formando unha coroa de escuma na superficie.

Copa xerezana: É a copa que se emprega na cata de viños xenerosos. É unha copa alta e esbelta que permite a percepción dos aromas do viño.



MITOLOXÍA POPULAR GALEGA

Mitos do lume do aire eos ventos

Galicia, quizais pola súa indiosincrasia, é moi dada á superstición e á mitoloxía, ó mesmo que aos refráns e ditos populares. Aquí recolleemos algúns mitos sobre o lume e os ventos, que ata non fai moitos anos estaban na mente de moita senté da nosa comarca

Mitos do lume

No lume no se pode cuspir, mexar nel, ou cometer actos luxuriosos na súa presenza, porque isto traeríache mala sorte.

Cando en Galicia predominaban as cocinas de *lareira*, coidábase de que o lume non se apagase de un día para outro. Para iso tapábanse as brasas con cinza, pois se ó día seguinte non había rescoldo, era sinal de mal agoiro.

Polo Nadal o lume deixábase acso toda anoite; logo viña o lume das *Candeas*, que era o día da Purificación (2 de febreiro). Encendíanse tantas candeas coma almiñas se perderan denantes de nacer ou de seren bautizadas.

Na liturxia da igrexa aínda perdura o rito de facer o lume novo a noite do Sábado Santo que simboliza a resurrección de Cristo

Outra das mitoloxías que aída perduran e o **lume novo de San Xoán**, que deu lugar ás famosas cacharelas ou fogatas de San Xoán. Estas coinciden coa entrada do verán e facíanse coma unha imploración para que as colleitas de centeo ou trigo fosen boas e abondosas.

Nalgúns lugares de Galicia facíanse as fogatas nas leiras ó mesmo tempo que se recitaban esta especie de esconxuro

*“Velo lume, velopan,
a cada espiga Deus
lle dea bo gran.*

Noutras parroquias ián saltando sobre a fogata ó tempo que cantaban:

*Afumar o pan
para que Deus
dea bo gran*

Outra das modalidades destas fogueiras ou cacharelas consistía en facer unha danza, mentres ardía a fogata e ó propio tempo cantar a seguinte copla:

*Lume, lume
ve o pan
Deus che dea bo gran
Cada gran coma un bugallo.
Cada pé coma un carballo.*



CULTO DO AIRE E DOS VENTOS

Segundo a mitoloxía popular, no aire andan forzas misteriosas e influencias malignas, ás que a creencia popular no apón unha forma concreta.

Fálase dos *malos ventos* ou *ventos ruíns* que botan algúns fachos ó monte. Certas correntes naturais, coma o *solano* ou *soán*, son tidos por ventos danosos ou enfermizos.

O soán *seca a terra, consume os froitos, deixa a xenté sen ánimos e sen forza.*

O que máis pavor causa e o vento *remoño*, a veces chamadas *polvoriñas*. Son de natureza máxica e sempre fan mal. Para desconxuralos hai que facer unha cruz cos dedos das dúas mans.

Os *aires lurpios* lévanos a un problema máis difícil: son un

verdadeiro axente máxico.. Unhas veces o *aire* é unha sorte de exhalación que botan determinadas persoas: *aire do morto*, *aire do descomulgado*; ou de certos animais : *aire de sapo*, *aire de toupa*, *aire de pinchorra*. Nestes casos é unha influencia maléfica que se transmite polo aire, mais non se pode dicir que sexa o aire mesmo.

Outras veces os *aires lurpios* ou *cativos* non teñen procedencia determinda e pódense confundir coas correntes comúns de aire. Quebran os cristais e os obxectos, aínda gardados nun armario, rifan coas cousas, causan doenzas coma constipados, reumas, parálisis, lumbago. Lémbrese a *malaria* (mala airia) dos italianos e os *aires colados* tan temidos en toda Galicia que poden deixar aun tolleito.



Sandra López Pérez, 1º ESO B

COPLAS OU CANCIÓNS POPULARES

O mundo rual galego é moi rico e variado en coplas ou cantigas populares. A meirande das coplas populares están formadas por catro versos de arte menor con rima asonante nos pares, aínda que abundan as que non teñen unha métrica exacta.

Tamén hai as chamadas *coplas de cego*, que eran en forma de romance e que cantaban e vendían os cegos nas festas e feiras. Nelas narraban sucesos escabrosos ou amorosos de determinados personaxes. De aí vén a expresión *andar en copla*, que quería dicir: *ser noticia*

As veces as coplas narran a xenreira entre veciños, coma esta que recolleu Sandra López López de 1º da ESO:

*No agro da Revolta
houbo batalla segura,
Bolaño pegoulle a Alfredo
e Alfredo mimoulle a Pura.*

A mesma alumna recolle outra copla na que ironiza a tacañería dun gaiteiro:

*O gaiteiro da Riveira
mala centella cho mate,
non quere tocar a gaita,
sen que lle dean chocolate.*

Nestoutra amosase a ironía encol dun cazador da comarca:

*Eleuterio foi de caza,
os cans seguiron o rastro
non era perdiz nin lebre,
era o coello do Castro.*

Recolle tamén esta copla na que se fai unha louvanza do seu lugar:

*En Folgosa nace o sol,
en Santallaponse a lúa,
quédache a Veiga no medio
que é o raio da hermosura.*

Tamén nalgunha copla, coma esta, louvase a beleza das mozas do lugar:

*De Sarria a Vilambrán
hai a carreira dun can;
o que queira boas mozas,
que pase por Abragán.*

Incluso algunha das coplas serve de slogan para a publicidade:

*Se bo viño queres beber,
e tamén ver boas mozas,
has de achegarte ó bar
do señor Pepe das Pozas.*

Daniel López Teijeiro recolleu estas que fan referencia á ledicia, ou ó amor:

*Eu pasei por Vilariño,
por Vilariño cantando
e as mozas de Vilariño
quedan no río lavando.*

*Cando paso pola túa porta,
collo pan e vou comendo
para que non digan teus pais
que de amores me manteño.*

Abundan outro tipo de coplas que fan referencia dun xeeito xocoso ós distintos oficios.

Yolanda Pardo López, de 2º de ESO, recopilou estas:

*A boa costureira
queira ou non queira
ten algo de señoriteira.*

*A costureira mala
o fío embaraza.
A muller costureira
non sabe da lareira.*

*Costureira sen dedal,
cose pouco e cose mal.*

*Muller costureira,
e home troiteiro,
nin boa meda,
nin bo palleiro.*

*A costureira detrás do cristal,
pinchada no dedo
e tres no dedal.*

Galicia foi terra de afiadores, por iso tamén se fixeron coplas deles, coma esta:

*Afiador andarego,
que corre-la terra toda
non pares no meu portelo
que non quero home con roda.*

*De quen te vén engaiolar,
ao son do seu chifro namorador,
rapaza non debes nunca fiar,
pois deixa en cada porta un amor.*

Sobre os **ferreiros**, Yolanda recolleo estas coplas:

*Non te cases cun ferreiro,
que ten moito que lavar,
cásate cun mariñeiro
que vén lavado do mar.*

*Non te cases cun ferreiro,
que te queiman as muxicas,
cásate cun carpinteiro,
que che fai cousas bonitas.*

*Machada de carpinteiro
calzón de ferreiro
e filla de taberneiro
non os queiras por ningún diñeiro.*

O oficio de canteiro tivo moito auxe na nosa terra. Sobre este oficio tamén abundan as cancións, coma estas:

*Canteiriño pica e canta
e deixa a costureiriña;
ela perde de casarse
e ti de picar na pedra.*

*Non te cases, miña nena,
cun canteiro que ben canta
que trai o polvo da pedra
metido na súa garganta.*

*Nas palabras de canteiro,
rapazas, non vos fiedes,
collen o pico e marchan
Rapazas, ¿Qué lles queredes?*

A lenda de Sabela

Escoltamos moitas veces “Galicia, terra meiga”. Esta afirmación está sustentada na cantidade de lendas e relatos sobre meigas, mouras, bruxas e outros seres míticos. Repóllese aquí unha das moitas lendas da nosa Galicia.

Érase unha vez unha pequena rapariga chamada Sabela que vivía en Chousa.

Un día, a súa avoa mandouna a recoller as ovellas que estaban pacendo nun prado en Abragán. Cando Sabela estaba a recoller as ovellas, apareceu unha muller misteriosa, que máis ben parecía unha moura, ou unha meiga desas que aparecían nos contos e lendas que circulan por estes lugares.

Aquela rara muller acercouse a Sabela e con meigosas palabras logrou que a rapaza non fuxise. Despois dunha enganosa conversa, logra convencela para que se fose con ela.

A avoa de Sabela estaba preocupada porque a súa neta tardaba moito en voltar á casa.

Entón, decide ir na súa busca ó campo. A avoa empezou a chamar pola súa neta e berraba sen parar ¡Sabeliña, Sabeliña...! E o eco repetía: ..iña...iña...; mais a nena non aparecía por ningures.

De súpeto, escoitouse unha voz agardentosa aló ao lonxe que dicía: **¡SABELIÑA SABE BEN, FRITIDA NUNHA SARTÉN!**

Esta é, pois, a lenda que escoitei nestas terras de Chousa sobre unha nena que tamén se chamaba Sabela, coma min.



(María Sabela Novo)

NO 250 ANIVERSARIO DE MOZART

*Este ano cúmprense 250 anos do nacemento de Mozart.
Tentaremos facer unha sinxela semblanza da obra e vida deste xenio da música.*

As dotes prodigiosas dun neno

Mozart naceo o 27 de xaneiro de 1756 en Salzburgo (Austria). Foi bautizado un día despois cos nomes de Johannes Chrysostomus Wolfgangus Theophilus Mozart; mais tarde fariase chamar Wolfgang Amadeus (sendo este último un sinónimo latino do grego *Theofilos*, que ama a Deus. Foi o último fillo de Leopold Mozart, músico ó servizo do príncipe arzobispo de Salzburgo. A súa nai chamábase Anna Maria Pertl.

Desde moi neno mostrou asombrosas facultades para a música.

Aos **catro anos** practicaba o clavicordio; e compoñía pequenas cancións e minuetos de considerable dificultade; Aos seis anos tocaba con destreza a clave e o violín. Podía ler música a primeira vista, tiña unha memoria prodixiosa e posuía unha inagotable capacidade para improvisar pezas musicais.

Definitivamente, non era un neno común. O seu proxenitor era un home intelixente, orgulloso e relixioso. Cría que os dons musicais do seu fillo era un milagre divino que el, como pai, tiña a obriga de cultivar.

Cando o neno ía cumprir seis anos de idade, Leopold decidiu exhibir as dotes musicais do seu fillo ante as principais cortes de Europa.

O doce de xaneiro de 1792 a familia enteira partiu hacia Munich; tocaron ante o emperador Maximiliano José II e continuaron ata Viena.

O pequeno Wolfgang causaba sensación en cada concerto.



A GRAN VIAXE (1763-1766)

Esta gran viaxe dos Mozart empezou o 9 de xuño de 1763. En Viena foron chamados ó palacio pola emperatriz Maria Teresa. A emperatriz quedou encantada co pequeno Wolfgang Amadeus, tanto, que incluso o sentaba no seu regazo e bicabao. En Versalles, os Mozart tocaron ante o monarca Luis XV.

En Londres causaron a admiración do rei Jorge III. Compuxo a súa primeira sinfonía e conoeu a Johann Christian Bach.

En Holanda deslumbrou tocando o organo mais grande e complicado do mundo, e compuxo o **seu primeiro oratorio ós 9 anos de idade.**

AS SÚAS PRIMEIRAS OPERAS (1766-1769)

En setembro de 1767 viaxou a Viena acompañado polo seu pai e a súa irmá Nanmerl. Esta vez xa non para demostrar as súas habilidades de **нено prodixio**. Na cidade imperial desenrolou unha intensa actividade: Escribiu concertos, sinfonías, misas, oratorios, cantata e tamén as súas primeiras óperas.

En 1769, Mozart gañou en Salzburgo a praza de mestre de concertos.

ANOS DE LOITA (1772-1778)

En Milán, Wolfgang estrenou unha ópera e escribiu o motete **Exultate-Jubilate**. En xaneiro de 1775 Mozart estrenou con gran éxito en Munich a súa ópera a **Falsa Xardineira**.

Mozart instalouse en Viena e viviu un ano feliz. Interviu en concertos, impartiu clases e escribiu numerosas obras. 1782 foi o ano doutra ópera triunfal: **O Rapto no Serrallo**.

O MÁIS GRANDE COMPOSITOR (1784-1787)

Para decembro de 1784, Mozart ingresou na francmasonería, na que encontrou o ideal filosófico; 1785 foi un gran ano de actividade artística e social. Wolfgang sentiuse entusiasmado ante o aplauso que os vieneses dispersaron a súa música. Por entón dedicou a Joseph Haydn algúns cuartetos de corda.

A anécdota conta que, oílos, Haydn manifestou a Leopold ante Deus que Wolfgang Amadeus era o máis grande compositor que coñecera xamais. Foi un gran período creador. En 1786 Mozart estaba na cumbre. Estrenou a

ópera **Le nozze di Figaro**, con gran éxito en 1787.

En marzo de 1791, Mozart ofreceu en Viena un dos últimos concertos públicos; tocou o concerto para piano número 27. Nese mesmo ano compuxo a súa famosa Misa de Requiem en RE.

O FINAL DUNHA VIDA TRÁXICA (1791)

A saúde do xenio comenzo a declinar a súa concentración disminuía. Por entón Mozart escribiu o concerto para clarinete. En outubro de 1791 a súa saúde empeorou; Camiñaba coa súa esposa por un parque cando de pronto sentouse nun banco e moi axitado comentou a Constance que alguen o envelenara. Ó pouco tempo quedou postrado no seu leito.

O 5 de decembro de 1791, Mozart faleceu os 35 anos de idade.

A LENDA

Propagouse o rumor de que Mozart morrera envelenado por Antonio Salieri, quen supostamente odiaba ao seu xenio musical.

Nós non sabemos se isto é lenda ou realidade, o que si podemos afirmar, despois de ler a biografía de Mozart, que foi un xenio, un neno prodixio, en definitiva, **UN DEUS DA MÚSICA**

Iván García López

Diego López López

Martín Otero López

Santiago Abelaira Díaz

3ºESO A

RINCON DO HUMOR

Un malentendido

Un compañeiro meu encontrábase en Madrid de exámes e estando próximo o cumpreanos da súa noiva, e sabendo que necesitaba unhas lentes para a vista, pensou que era unha boa ocasión para mercarlle unhas.

Entrou nunha óptica onde, despois de ver unhas cantas decidiuse por unhas, que según a señorita comercial eran boas, fermosas e baratas. A dependenta púxollas nunha caixa e el pagou a conta, pero ó marcharse, en lugar de colle-la súa, levou outra caixa moi parecida que había ó lado, que contiña unhas bragas, que outra cliente das que había na tenda acabara de mercar.

O meu compañeiro non se deu conta e desde alí todo contento, foise directamente a Correos e enviou o paquete a súa noiva ó mesmo tempo cunha carta explicativa co detalle. A noiva recibiu a carta e o paquete das bragas, e ó ver o contido, quedou perplexa pola misiva:

"Querida miña:

Espero que che guste o agasallo que che envío, sobre todo pola falta que che fan xa que non tes ninguna, pois as outras que tiñas, levabas moito tempo con elas e estas son cousas que, como ti ben sabes, téñense que cambiar de vez en cando. Espero tamén, que acertara co modelo. A dependenta, moi simpática, díxome que eran a última moda e amablemente ensinoume as súas, que eran iguais. Entón eu, para ver se eran lixeiras, púxenlas alí mesmo. Non sabes como se riu a dependenta, xa que estos modelos femininos nos homes quedan moi graciosas, e máis aínda a min, que xa sabes que teño uns rasgos moi alargados e abultados. Unha rapaza que había na tenda pediúmas, quitou as súas e púxoas, para que eu vira o efecto que facían postas. Vinas estupendas, decidínme e compreíchas. Ponas o día do teu cumpreanos e ensinallas ós teus pais, ós teus irmáns, os teus curmáns... En fin, ensinallas a todo o mundo a ver que che din. Ó principio setiraste moi rara acostumbraída a ir coas vellas e máis agora que estiveches tanto tempo sen levar ninguna. Se che están pequenas dímo para cambialas, non vaian a deixarche sinal cando as quites para ir pola rúa e todo o mundo note que as tes e non as levas. Ten tamén coidado de que non che estén grandes, non sexas que vaías a deixalas en calquera sitio ou as perdas, que tela costume de levalas na man para que todos besan os teus encantos.

En fin só che digo que estou desexando verchas postas. Creo que este é o mellor agasallo que podía facerche.

Moitos bicos."



Yolanda
Pardo López

2º ESO B

A ROUPA DA VODA

Yolanda Pardo López, 2º ESO-B

Vouvos contar o que lle aconteceu a Pepe . Este era un home célibe que vivía só, cheo de cartos e de cetrería. Era máis apertado cá Virxe do Puño.

Ninguén lle acordou nunca a pagar unha rolda de viños cos amigos. Non mercou endexamais ferramenta; pedía prestada a grade, o podón, o martelo, o pau ferro, a corda do carro... e devolvíaaas cando lle petaba.

Pero, por mor da voda dun afillado, e como andaba cuns pantalóns tan vellos e rillados polo uso e o tempo, non lle quedou máis camiño ca ir mercar outros a Lugo aproveitando as rebaixas do inverno.

Entrou na xastrería e reparou nun rótulo que poñía:

LLÉVESE UN PANTALÓN DE PANA POR SÓLO 30 EUROS.

-Ensíneme un deses –díxolle ao dependente sinalando coa man para o cartel.

Probouno, gustoulle e, despois dun pequeno arranxo no tiro, mandoullo envolver para levalo.

Mentres o mozo estaba a facer o paquetiño, fixouse o Pepe noutro cartel apoiado enriba dun manequín.

LLEVE DOS CAMISAS DE FRANELA POR SÓLO 15 EUROS CADA UNA.

Leuno varias veces, deulle unha volta á pucha, e exclamou:

-Oes, rapaz. Xa non quero o pantalón. No seu canto, e, polo mesmo prezo, prefiro as dúas camisas que di o letreiro.

O tendeiro, moi atento, gardou o pantalón, comproboulle o talle e preparoulle as dúas camisas: unha con raias azuis e outra a cadros.

- Ata logo. Moi bos días -dixo Pepe moi retrecheiro, collendo o paquete coas pezas de roupa e dirixíndose á porta da saída.

-Señor, señor. ¿Non me paga as camisas?-díxolle o mozo.

-As camisas non chas pago porque chas cambiei polo pantalón de pana.

-Daquela. Págueme o pantalón.

O Pepe, coma quen que quixo enfadarse, puxo cara de poucos amigos e berroulle:

-Pero rapaz. Paréceme que empezas a louquear: ¿como vou pagarche o pantalón se non o levo?



O PRIMEIRO DÍA DE CAZA

Manoliño era un rapaz, fillo, sobriño e neto de cazadores. Quería a toda costa ser cazador coma o resto da familia. Seu pai e seu avó non podían levalo con eles. Non tiña idade, nin permiso de armas, nin sequera tiña forzas para termar da escopeta.

Pero pasou o tempo e xa puido acompañalos coa súa escopetiña e mais a súa licenza para ir de caza ás ladeiras do monte Oribio. ¡Canto esperara aquel día!

Este monte ten no seu cume un campo de despegue para voos sen motor, é dicir, trebellos dese que chaman *Ala Delta ou Parapente*.

O avó de Manoliño deulle, antes de comenzar, unhas lccións ben sinxelas:

-Mira, rapaz: na caza coma na misa. Moi calado e moi atento.

Calquera peza que corra ou que pase voando trata de encarala e zouparlle axiña, porque se non andas fino, xa non a voltas a ver en toda a xornada.

Aló, pola media mañá, viu o Manoliño un daqueles aparellos voadores que despegara dende o alto do Oribio. Seguindo as indicacións do avó, andou todo o lixeiro que puido. Levou a escopeta á faciana e, sen pensalo nadiña, mandoulle dous tiros.

¡Trass.....!! ¡Trasss!!

Os da cuadrilla sentiron os tiros e xa viron un home que caía ó chan coma un zapato.

Empezaron a berros co Manoliño

¡Tolo...! ¡Animal!! Que Deus nos protexa deste animalciño!

¿Cómo che se ocorreu semellante animalada? Isto é a nosa ruína. Estamos perdidos con este louco.

Pero o rapaz non pensou que lle berraban pola brutalidade do feito, senón por fallar o tiro, e respostou moi tranquilo:

-Ben. É certo que o paxaro grande non fun quen de matalo, pero a presa que levaba tivo que soltala, carallo.

Yolanda Pardo López, 2º de ESO



RI TI, RIDE VÓS

O tacañón

Contan dun home da nosa comarca que era o que se di moi agarrado. Antes de gastar un euro, prefería gastar a sola dos zapatos andando

O caso é que tivo que facer unha viaxe a Santiago por causa dunha doenza. Tivo que hospedarse nunha pensión. Ó día seguinte saíu cargado coa maleta e como a estación de autobuses quedaba lonxe e el sentíase sen forzas para levar a maleta, parou un taxi e preguntoulle:

-¿Canto me vai cobrar por levarme ata a estación de autobuses?

-Doce euros, pois aínda queda moi lonxe

-¿E pola maleta?

-Pola maleta, non lle cobraría nada

-Ah, pois entón, léveme a maleta que eu vou andando.

OS IRMÁNS DE XESUCRISTO

Chegan dous mozos moi ben vestidos (deses que se din testigos de Jehová) e chaman á porta dunha casa do Páramo. Sae a señora e pregunta:

-¿Quen son vostedes?

-Somos irmáns de Xesucristo

-¡Ah, pois noraboa, polo ben que se conservan!

O CASO DO CANCIÑO QUENTE

Un rapaz preto de aquí, que era moi atadiño e saía pouco da súa aldea, animouse a ir ás festas do San Froilán, a Lugo. Nun dos postos da rúa, no que servían bocadillos, viu que moita xente pedía *un perrito caliente*. El decidiuse e pediu tamén un canciño quente, por ver como sabía.

Cando lle ían a poñer a salchicha no pan, o rapaz berroulle ó camareiro:

-¡Aí, eu esa parte do can non a quero!

¿A ver se sabes...?

-¿Qué lle dixo un water a outro?

-*Nin que foramos contrabandistas. Non nos quitan o ollo de enriba*

.....

-¿Qué lle dixo un feixe de nabos a outro?

-*Estamos apañados*

.....

-¿Cómo se di en galego lo llené?

-Enchino

-¡Non, home,non! En chino non, en galego.

(Alumnado de 1º ESO-A)



RINCÓN DO POETA

SEN FUME, VÍVESE MELLOR

Winston véndenos xenuíno americano
Sabor latino anuncia *Ducados*
Marlboro preséntanos un rudo vaqueiro
Pero deles non te fíes un pelo.

Sen fume, sen fume, vívese mellor
Tira o cigarro ó contenedor!
Sen fume, sen fume, non te deixes atrapar
Polas mentiras do tabaco!

Fortuna sedúcete con solidariedade
Lucky móntao con sorte e amizade
O *Camel* “camelete” con bonecos de verdade
E din que se fumas ligarás.

Sen fume, sen fume, vívese mellor
Tira o cigarro ó contenedor!
Sen fume, sen fume, non te deixes atrapar
Polas mentiras do tabaco!

Ninguén che explica nada do alcatrán
E da nicotina, pouco máis:
En letra tan pequena que case non verás
Advírtete, sen lupa, do malo que é fumar.

Sen fume, sen fume, vívese mellor
Tira o cigarro ó contenedor!
Sen fume, sen fume, non te deixes atrapar
Polas mentiras do tabaco!

Faime caso e párate a pensar
Desmonta as mentiras do tabaco.
Vive sen fume, gaña liberdade
E únete a nós cantando este rap.

Sen fume, sen fume, vívese mellor
Tira o cigarro ó contenedor!
Sen fume, sen fume, non te deixes atrapar
Polas mentiras do tabaco!

José Manuel Santacruz Silva
3º ESO B

Vinteito

non é

moito

Vinteito non é moito

ata cincuenta ei chegar

e se non chego ata cincuenta

pouquiño me ta faltar.

Só necesito saber

se vos gusta a poesía

e eu pódoo escribir

pola noite e polo día

mais ela é o meu amor


e só podo vivir

se versos podo escribir.

Laura 2.º

O OBXECTIVO DA POBREZA ZERO

Este curso os alumnos de Alternativa á Relixión, de 2º ESO-A, plantexámonos traballar distintos aspectos que nos acercaran á posibilidade de buscar un mundo máis xusto e solidario. Fixemos isto a través de distintos aspectos como poden ser a denuncia do traballo infantil, a visión do mundo subdesenvolvido dende a realidade de Centroamérica, e sobretudo co obxectivo de acadar a “pobreza zero”.



fogueteiras sudamericanas, escarvando nos vertedoiros das grandes cidades do Terceiro Mundo, a prostitución, a explotación en minas e canteiras... Así mentres que para nós a vida pasa xogando, para eles non é un xogo.

A raíz da participación nesta actividade achegámonos á vida nos países subdesenvolvidos de Centroamérica cunha exposición fotográfica da vida en Nicaragua e unha conferencia impartida por unha cooperante da ONG “Axunica”. Todo isto contribuiu a que tivésemos unha visión distinta da gran diferenza que separa as nosas vidas e da necesidade dun cambio nas nosas consciencias.

Gracias ó proxecto da ONG *Intermon-Oxfam* “Conectando Mundos” puidemos achegarnos ó obxectivo de acadar en todo o planeta a fin da pobreza baixo o lema “pobreza zero”. Esta actividade fíxonos reflexionar sobre as necesidades que tódalas persoas temos de satisfacer as necesidades básicas e a distribución inxusta dos produtos que provocan que non todos teñamos as mesmas oportunidades. Isto é especialmente grave no caso do traballo infantil: millóns de nenos teñen que traballar nas tarefas máis duras e inhumanas simplemente para poder sobrevivir como é o caso da industria téxtil da India, a fabricación de artigos deportivos en países asiáticos, nas




Pero o traballo máis satisfactorio e interesante foi a actividade proposta por *Intermón-Oxfam* e a idea de acabar coa pobreza no mundo. Mediante a reflexión sobre a necesidade que tódalas persoas temos de satisfacer os servizos básicos e a distribución inxusta dos produtos que provoca que non todos teñamos as mesmas oportunidades. En contacto, a través de internet, con alumnos da nosa idade de centros de A Coruña, Albacete, Sevilla, Granollers e Biscaia tratamos de atopar solucións para catro grandes problemas que afectan dun xeito especial ós máis necesitados: o acceso ós servizos sanitarios, á educación, á auga, e á unha vivenda digna, problemas que nos foron plantexados con casos reais por medio de “conferencias” de persoas de países como A India ou Etiopía. Estas catro grandes cuestións son defendidas pola Declaración Universal dos Dereitos Humanos, polo que debe ser tarefa de todos a súa defensa e posta en práctica. Todos colaboramos na procura de solucións e, sobre todo, tomamos consciencia de que nas nosas mans está a posibilidade de facer un mundo máis xusto e digno.

Os foros de debate nos que podíamos participar xunto a rapaces doutros lugares déronnos a oportunidade de coñecer xente de distintas comunidades e de ver como tamén noutros sitios tiñan as mesmas preocupacións que nós. Tamén nos amosaron como se está a traballar sobre a posibilidade de acabar dunha vez e para sempre coa pobreza. Pero sobre todo puidemos sacar importantes conclusións, como son: a necesidade de respectar os dereitos humanos individuais e sociais, a valoración do diálogo como ferramenta que axude a solucionar os conflitos, e a convicción de que é precisa a participación de todos e o noso compromiso para a

construción dunha sociedade máis xusta, equitativa e solidaria. Como limos nun dos documentos cos que traballamos, xa vai chegando o momento de que entre todos ilegalicemos a pobreza.

(*Rebeca Capón, Alba Fernández, Iago Fernández, Sandra García, Iago Jacob, Alejandro López, Isabel Novo, Omar Piñeiro e Pablo Rivera*).



¿COMO AMAMOS?

(Conchi e Gustavo, profesores de Reflexión)

*Recentemente o Papa Benedicto XVI sacou a súa primeira encíclica **Deus é Amor**. Nela constata que o término **AMOR** é unha das palabras máis utilizadas e tamén unha das que máis se abausa, ao darlle acepcións completamente diferentes.*

O ser humano é corpo e espírito, pero e todo un ser e ama con eses dous componentes ó mesmo tempo. O amor humano é aquel aspecto do noso ser polo que nos manifestamos e facemos unha apertura ao que non somos nós mesmos, senón ó que forma parte doutro ser.

Un suxeito aislado que sae de se mesmo para establecer unha comunión con outro suxeito. A sexualidade é un medio inxenioso da que se valeu o Creador para atraere constantemente fóra de se mesmos aos individuos cara a relación cos demais.

A paixón é provocada por un impulso instintivo que busca saciedade. O home que se deixa levar por este impulso, busca á muller como un medio para saciar esta apetencia e o mesmo a muller con relación ó home.

A paixón, como tal, toma ao outro coma un obxecto, un medio para un fin. Esta apetencia amosa unha actitude propia dun nivel elemental de conducta. Neste nivel mobemonos cando actuamos de xeito egoísta, por afán de dominio ou disfrute.

O amor persoal entraña creatividade, respecta á outra parte coma unha realidade aberta, capaz de ofrecer posibilidades e recibir outras nunha relación mutua e fecunda.

Integrar a paixón, vista comoa apetencia, co amor persoal é seguir un proceso de maduración da sexualidade que non implica rechazala, senón despoxala de calquera tipo de egoísmo para acadar unha verdadeira grandeza. O conflito non se dá propiamente

A actividade sexual é persoal e personalizante cando é un resultado e unha expresión do amor.

A fascinación pola promesa da felicidade ao aproximarse á outra persoa pasa ó esquecemento dun mesmo para buscar a felicidade do outro e vén a entrega, a abnegación e o sacrificio, aínda que, como afirma o Papa, **o home e maila muller non poden vivir só de darse, tamén teñen que recibir**. Mais o amor resulta fráxil, cando algún dos elementos que o compoñen se volta egoísta. Por iso fracasan moitos matrimonios, cesan as amizades e o cariño nas familias. O amor esmorecese e morre por egoísmo entre o corpo e o espírito, senón entre o egoísmo e a xenerosidade

O Papa abre un camiño de esperanza para un mundo que convertiu o sexo nunha carnaza; cunha porcentaxe moi elevada de parellas rotas e no que tanto o home coma a muller perderon a sinxela esperanza de **amar e ser amado para sempre**.

Propón tamén o Papa un verdadeiro humanismo que recoñece no ser humano a imaxe de Deus e ao longo de toda encíclica lémbrese que a mellor defensa de Deus e do ser humano consiste precisamente no amor que é máis forte ca morte.




NON DIGAS NOSO PAI, SE....

- Non digas Pai, se cada día non te portas coma un fillo.
- Non digas noso, se vives aislado no teu egoísmo.
- Non digas que estás no ceo, se so pensas nas cousas terreas.
- Non digas santificado sexa o teu nome, se non o honras.
- Non digas veña a nós o teu reino, se o confundes co éxito material.
- Non digas fagase a túa vontade, se non a aceptas cando é dolorosa.
- Non digas danos hoxe noso pan de cada día, se tendoo ti, non te preocupas pola xente sen vivenda, sen medios...
- Non digas perdoa nosas ofensas, se gardas rancor ó teu irmán.
- Non digas non nos deixes caer na tentación, se tes a intención de seguir pecando.
- Non digas libranos do mal, se non tomas parte activa contra do mal.
- Non digas amén, se non tomaches a serio as palabras do Noso Pai.

O NOSO PAI QUE CHE FALA

Noso Pai de Deus fala para ti:

Fillo meu, que estás na Terra.
Preocupado, solitario e tentado
Eu coñezo perfectamente o teu nome,
E pronuncioo como santificando,
Porque teu amote.
Non, non estás só, senon habitado por min
E xuntos construímos este Reino do que ti vas a ser o herdeiro.
Gústasme que fagas a miña vontade e que ti sexas feliz, xa que a gloria de Deus é o
home vivente.
Contas sempre connigo.
E terás o pan para hoxe, non te preocupes;
So che pido que sepas compartilo cos teus irmáns.
Sabes que perdooo todas as túas ofensas,
Antes incluso de que as cometas.
Por iso, pídoche que fagas o mesmo
coas que a ti te ofenden,
para que nunca caias na tentación.
cóllete forte á miña man
e eu librareite do mal
pobre e querido fillo meu.



Vanesa Valcárcel e Tamara Salgado, 1º ESO-B

Quedarse en blanco

A hormona denominada corticosterona, que se segrega en momentos de ansiedad, é a responsable da repentina perda de memoria. Esta hormona bloquea a recuperación de información hasta una hora despois de ceder a situación de tensión. Isto explicaría, por exemplo, que algúns estudantes se queden en blanco nos exámenes. Ó serenárense, o cerebro recupera os datos.

Mnemotecnia

Unha das axudas do estudante foron, siguen sendo e serán, as regras mnemotécnicas.

Imos ver algúns exemplos destas axudas:

Para recordar a clasificación taxonómica dos seres vivos:

No noso reino hai un tipo de moita clase que deu orde a su familia de que lle comprara xéneros de distintas especies.

(reino-tipo-clase-orde-familia-xénero-especie)

Para recordar algunha fórmula de Física:

espacio=vete

(espacio=ve*te => e=velocidad*tempo => e=v*t)

Para recordar o orde das notas musicais nas líneas do pentagrama e nos espazos:

Líneas: Mi sol siempre reluce fastuoso.

(MI - SOL - SI - RE - FA)

Espazos: Fabricando la dorada miel.

(FA - LA - DO - MI)

Para recordar a clasificación das estrelas segundo a súa temperatura:

Oh, Be A Fine Girl. Kiss Me .

(O, B, A, F, G, K, M)

Gañouno sen recomendación


O astrónomo francés, Camille Flammarion, era un home de gran humildade. No lle gustaba pedir favores a ninguén.

Na súa época viviu outro astrónomo, ben presumido, que sempre se moveu entre persoaxes ilustres da época y tódolos cargos que ocupou os obtivo por recomendación.

Encargado Flammarion de redactar o epitafio daquel persoaxe, fíxoo así: "Aquí xace X. Este é o único posto que obtivo sen recomendación".

Nenos-prodixio

Os nenos-prodixio no xadrez son un fenómeno ben coñecido, dado que o xadrez é un dos poucos deportes e unha das poucas actividades intelectuais en que os nenos pueden competir cos adultos. Capablanca aprendeu a xogar ós catro anos e, cando tiña 10 anos, xa era un dos máis fortes xogadores de Cuba. Outro exemplo é Samuel Reshevsky que tamén se iniciou ós catro anos e empezou a dar as primeiras exhibicións de partidas simultáneas con varios oponentes ós seis.



Capablanca cuando tiña catro anos, botando unha partida con seu pai.



Sammy Reshevsky ós 11 anos contra Charles Jaffe .

RECEITAS DE MEL

Torradas ó mel

Ingredientes :

- 8 rebandas de pan
- 1 vaso de leite
- 4 culleradas de azucre
- 4 ovos
- mel
- canela e aceite

Preparación :

Fervémo-lo leite coa canela e o azucre. Enchoupamos neste leite as rebandas de pan que se deben enchoupar ben, pero tendo coidado de que non se desfagan, deixámolas escorrer un pouco e rebozámolas no ovo batido. Fritímolos por ámbolos lados no aceite de oliva ata que estean douradas, sacámolas e colocámolas sobre un papel para que solten ben o aceite. Antes de servilas cóbrense cunha fina capa de mel.



Costeletas de porco con mel

Ingredientes:

- 6 costeletas de porco
- 1 cunca de salsa ketchup
- 6 culleradas de mel
- 1 limón grande tallado en rodas

Preparación:

Sécase as costelas cun pano. A salsa ketchup mesturase co mel e vaise vertendo unha pouca sobre cada costeleta, que se van adobando con rodas finas de limón. Deixanse cocer nuha cazola descuberta no forno durante

case unha hora. Esta salsa é moi saborosa e tamén vale para o polo.


Pastel de queixo con mel

Ingredientes:

- 1 e ½ cunca de migas de galletas dixestivas
- ½ cunca de noces picadas
- 85 gramos de manteiga fundida
- 3 ovos
- 3 uncas de requieixo descremado
- ¼ cunca de mel
- ¼ de azucre fino
- Unhas pingas de zume de limón
- Nata montada
- Froitas confeitadas para decorar

Preparación:

Mestura-las migas de galleta, as noces e a manteiga e introduci-la mesturanza nun molde de 25cm xa un fondo movable. Poñer na neveira a arrefriar. Bate-los ovos e ir engadíndollos pouco a pouco, incorporar despois o azucre removendo, o mel e mailo zume de limón. Bater ata que estea cremoso, vertelo logo por encima da pasta de migas. Cocer a forno forte 200G° durante 20 minutos, deixar arrefriar e saca-lo do molde. Servir coroado con lata e decorado con froitas confeitadas.



Alba Rodríguez Fuentes 1º B

Alba Salvador López 1º B

Frases para pensar

Non é que eu sexa listo. Só que boto máis tempo cos demais cando me enfrento ós problemas. (*Einstein*).

Vive como se foras a morrer mañá. Aprende como se foras a vivir para sempre. (*Gandhi*).

Cometer erros é un feito da vida. O que conta é cómo respondes ós erros. (*Nikki Giovanni*).

O máis interesante sobre o que aprendes é que ninguén cho pode quitar. (*B.B. King*).

As raíces do estudio son amargas pero o fruto é doce. (*Aristóteles*).

Unha persoa educada é a que é capaz de escoitar cáseque calquer cousa sen perder a compostura. (*Robert Frost*).

Hai tres mestres que che poden ensinar sempre: os teus sentidos, a compañía de persoas intelixentes e os libros. (*Henry Ward Beecher*).

Os que saben cómo aprender xa saben abondo. (*Henry Brooks Adams*).

A repetición é a mai da memoria. (*Refrán latino*).

Para aprender debes querer que che ensinen. (*A Biblia. Proverbios 12:1*).

(Gabinete de Orientación)

Os xogos populares

INTRODUCCIÓN


Agora tódolos nenos e nenas aficionáronse a unhas maquiñas chamadas gamebois ou videoconsolas.

Estas quítanlles ós nenos a diversión de xogar cos amigos, ou aos xogos populares, os xogos que se transmitían de pais a fillos.

Como a buxaina, as canicas...

INDICE

- A buxaina
- Sorte con palliñas
- Cara ou cruz
- A carrilana
- Sombras chinescas
- O pano



A BUXAINA

Baila ,baila, baila,
sen parar...baila moi
dereita ao ritmo do
compás...
ata que se cansa,e non
para de temblar,
ata caerse ao chan
para que a volvas a
levantar.




¿ Cántos anos ten?
A buxaina ten máis de 200
anos de antigüidade.As
primeiras eran de barro e
apareceron en Ur, Mesopotamia.
Dende entón,gregos,romanos ou
chinos fixeronna xirar polo
mundo.



O famoso trompo
Ésta é a nosa buxaina máis popa-
lar.Ten forma de piña e unha punta
metálica chamada ixón sobre a que
xira cando a fas bailar
ao lanzala co cordel.

¿Cómo se chama?
Aquí peonza,perinola
trompón ou peón;en
Italia chámase tro-
ttola;en inglés top;
kreisel,en alemán e
touple, en Francés.



XOGOS MATEMÁTICOS

A mesa

Encargueille a un carpinteiro que me construíse unha mesa para poñer no salón. Debía ser unha mesa non moi grande pero si moi estable, que se asentase ben sobre as patas, que non coxease, pois era para soste un xogo de botellas e vasos decorados a man.

Cando ós quince días o carpinteiro chegou a casa, sorprendeume que a mesa só tivese tres patas. Era de cor caoba, con grabacións nos bordes, pero con tres patas torneadas, tan só tres.

Ó ver a miña cara de sorpresa, o carpinteiro, díxome: “As mesas máis estables son as de tres patas. Nunca coxean”.

Despois de pensar un anaco, vin que era certo. ¿Sabes por que as mesas máis estables son as de tres patas?

Comidas gratis

Dez amigos, que levaban varios anos sen verse, reúnense a xantar nun restaurante. Antes de acomodarse na ampla mesa circular, establécese entre eles unha discusión sobre a orde en que se ían sentar. A conversación, que ía subindo de ton, non conseguía poñer de acordo ós comensais: uns dicían que por orde alfabética, outros que por idades, algúns por altura ... Ó ver que non eran capaces de tomar unha decisión, o dono do restaurante acercouse para mediar no conflito. Díxolles:

“Séntense de calquera forma e servíremoslles a comida. Volvan mañá e en días sucesivos, sentándose en distinto orde cada vez, ata que se esgoten as combinacións posibles. A partir do día que iso ocorra, poderán vir durante o resto da súa vida, poderán escolle-la comida que queiran, os mellores platos, e non terán que pagar nada.

Ante esta proposición, o grupo aceptou encantado. Se ti foses un membro do grupo, ¿aceptarías tamén?

O pastor, o lobo, a ovella e a leituga

Un pastor ten que pasar un lobo, unha ovella e unha leituga á outra beira dun río. Dispón dunha barca na que só caben el e unha das outras tres cousas. Pero se o lobo queda só coa ovella comerá, se a ovella queda soa coa leituga tamén a comerá, ¿Como debe facelo?

O oso

Un oso camiña 10 km cara ó sur, 10 cara ó leste e 10 cara ó norte, volvendo ó punto de partida. ¿De que cor é o oso?

O cárcere

O alcaide dun cárcere informa que deixará saír de prisión a unha persoa ó azar para celebrar que hai 25 anos que é alcaide. Elixen a un home e dinlle que quedará libre se saca de dentro dunha caixa unha bóla branca, habendo dentro 9 bólas negras e só unha branca. O prisioneiro entérase por un chivatazo que o alcaide poñerá tódalas bólas de cor negra. Ó día seguinte faise o xogo e o prisioneiro sae en liberdade. ¿Como conseguiu saír do cárcere se tódalas bólas eran negras?

O barco

Dun barco ancorado no porto colga unha escaleira de corda, con escalóns a medio metro un do outro. A marea sobe tamén medio metro cada hora. Tendo en conta que, ó principio de subi-la marea, había nove chanzos fóra da auga, ¿cantos chanzos quedarán por riba do mar ó cabo de cinco horas subindo a marea?

Vinte

¿Como facemos para que a vinte, engadíndolle un, dea dezanove?

SOLUCIÓNS

A mesa

Existe un principio xeométrico que di: Por tres puntos no espazo só pode pasar un plano e só un.

Segundo o principio anterior, os extremos das patas son os puntos que determinan o plano, neste caso o chan da habitación. Un cuarto punto, correspondente a unha cuarta pata, pode non estar no plano dos outros tres. Por iso, as mesas de tres patas son as máis estables.

Comidas gratis

O dono do restaurante coñecía as matemáticas, que aplicou, neste caso, con fins comerciais. Antes de que o grupo de amigos esgote as comidas pagadas pasarán 3.628.800 días, ou o que é o mesmo, arredor de dez mil anos. Algo imposible.

Dúas persoas poden sentar ó redor dunha mesa de $2 \times 1 = 2$ formas diferentes.

Tres persoas poden sentar ó redor dunha mesa de $3 \times 2 \times 1 = 6$ formas diferentes.

En xeral, 10 persoas poden sentar o redor dunha mesa de $10 \times 9 \times 8 \times 7 \times 6 \times 5 \times 4 \times 3 \times 2 \times 1 = 3.628.800$ formas diferentes.

O pastor, o lobo, a ovella e a leituga

O pastor pasa primeiro a ovella, déixaa na outra beira e regresa polo lobo, ó cruzar deixa o lobo e volve coa ovella, deixa a ovella e cruza coa leituga, deixa a leituga co lobo e regresa pola ovella.

O oso

A cor do oso é branca, por ser un oso polar. Os únicos lugares onde se cumpre a condición de regresar ó punto de partida son o Polo Norte e calquera punto situado a 10 km ó norte dos paralelos que midan 10 km de circunferencia, pois ó facer os 10 km ó leste voltamos ó punto de partida. En calquera destes casos estaremos nun dos Polos, polo que o oso será branco.

O cárcere

O prisioneiro ó sacar a bóla, míraa, gárdaa sen que ninguén o vexa e di que é branca. Se o alcaide pídelle que a ensine, responde: Non é necesario, mire o resto das bólas, a branca non está na caixa, é a miña.

O barco

Nove, coma ó principio. Cando sobe a marea, sobe tamén o barco, e con el a escaleira.

Vinte

Vinte en números romanos é XX, se lle agregamos un un no medio quédanos XIX.

SORTE CON PALLIÑAS

¿Quen pandará?

Seguro que o que colla a palliña pequena, será.

¿Cómo se xoga?

Un xogador coloca nas mans pallas de distintos tamaños, tantas como o número de xogadores. Colócaas na man ata que parezan todas iguais. Cada xogador collerá unha, o que teña a palliña máis pequena tocarálle pandar.



CARA OU CRUZ


Cara ou cruz,
tira xa,
a ver a que neno lle tocará.

¿Cómo se xoga?

Para xogar precisamos unha moeda.
Un xogador lanza a moeda ó aire.
Cando cae ó chan mírase que parte da moeda está cara arriba, se é cara, gana o xogador ao que lle puxeron de nome cara, e, se é cruz, gana o que de nome ten cruz.

A CARRILANA

É unha especie de triciclo sen pedais. Consiste nunha plataforma de 25 cm de ancho, feita dunha soa peza, ou tamén composta de varias táboas cravadas trasversalmente ó longo de dous listóns, tamén de madeira, redondos ou rectangulares, de tres ou catro cm de diámetro. Estas medidas non eran fixas, senón que podían variar en tres, catro cm en canto ó longo, e nuns dous ó ancho. Isto último en razón á maior ou menor molestia que ocasiona nas pernas, por telas que levar abertas.




SOMBRAS CHINESAS

Este xogo consiste en proxecta-las sombras que producen as mans entre a luz e a parede .

Combinando as posicións e movementos das mans podes crear diferentes e atractivas figuras.



Os xogadores póñense nun corro , sentados no chan, menos un, que se encargará de deixa-lo pano detrás dun xogador,mentres el e os demais durmen.O xogador que se encargaba de deixa-lo pano terá que dar unha palma.Os nenos miran detrás,e ,quen teña o pano terá que escapar de que llo deixou.Se o que llo deixou pilla a este, terá que ser que deixe o pano ,e se é polo contrario,o xogador ó que lle deixaron o pano detrás logra escapar,volverá a ser o mesmo de antes quen deixe o pano.




Cristina Perras
4º de Primaria

OS XOGOS ANTIGOS

1-Xogo : Tres en raia

Instrucións

Só poden xogar dúas persoas. Pódese xogar con chapas, hai que debuxar este taboleiro na area:



(Tres chapas cada un)

ocupando os círculos que estén baleiros. Gaña o xogador que consiga poñer antes as súas tres chapas en liña recta.

Realízase un sorteo para saber que xogador comeza.


O xogador que empeza debe colocar a súa chapa no medio, esa xa non a pode mover.

Tódalas demais chapas, pódense mover en calquera dirección

2-Xogo : As bólas

Instrucións


Facer un burato na terra e xogar con tres bólas, darlle a unha co dedo polegar da man dereita ata meter as tres no furado. O que as meta nel, gaña.



3-Xogos : As catro esquinas

Instrucións


Cinco xogadores e catro esquinas. Un xogador colócase no medio, os outros nas esquinas. Os das esquinas téñense que cambiar de lugar intentando que non llas colla ó do medio. O xogador que perde a esquina, pasa para o medio.



4-Xogo : Carreira de sacos

Instrucións

Saltar cun saco metido ata a cintura, suxeitándoo coas mans. O que chegue antes á meta gaña. Neste xogo poden participar varios xogadores.



Xabier López Díaz. 4º Primaria.

DAMEIRO

Cando remates poderás ler o comezo dun relato de **Xente de aquí e acolá** de Álvaro Cunqueiro:

- a) Cuncha deste molusco, que se emprega como símbolo nas peregrinacións.

1 2 3 2 4 5

- b) Medio de transporte.

6 4 3 7

- c) Alimento composto de caldo con algunha substancia sólida.

8 9 10 5

- d) Secreción biscoza de cor verde o amarela e sabor amargo producida polo fígado dos vertebrados.

11 3 12

- e) Sinónimo de néboa.

13 4 3 6 3 14 5

- f) Úsa a man esquerda con máis habilidade cá dereita.

15 16 4 17 9

- g) Recipiente cóncavo de madeira, barro ou porcelana para líquidos.


18 16 7 18 5

1	2	1	2	5	3	7	13	9	16
15	5	12	5	9	10	3	17	5	8
3	4	4	5	9	7	17	3	8	9
7	6	5	7	11	3	4	14	9	8
5	8	18	5	4	13	5	12	12	3
2	4	5	8						

Marta Doncel Ferreiros, 4ºB

Rocio Liz Sierra, 4ºB

ENCRUCILLADO



1. Animal peludo e mamífero.
2. Ave acuática.
3. Declive dun monte.
4. Relativo o leite.
5. Persoa que traballa para un xefe ou unha entidade.
6. Que se fai por rutina.
7. Que rumia.
8. Acción e efecto de durmir.

PALABRAS “CAMUFLADAS”

Neste texto escóndense 10 nomes de animais que debes atopar:

Cando chegamos a León , as mulleres berraban como cen tolas por nós .Mais tarde fomos ó regato e mollámo-los zapatos na auga.

Á tarde fómoslles mercar uns regalos moi baratos as nosas mozas. Dixéronnos que a tenda estaba ó par dalgunha igrexa. Miramos para dentro e vimos que o cura que estaba dicindo a misa tiña o papo rubio por culpa do viño.

Pola noite fomos cear a un hotel e o camareiro díxonos que había que espulgar ben os óso da carne.

César Varela Cerviño, 4ºB
 Manuel Vázquez López, 4ºB

SOLUCIONARIO PASATEMPOS

ENCRUCILLADO:

1. Oso 2. Pato 3. Ladeira 4. Láctea 5. Empregado 6. Rutineiro 7. Rumiante 8. Durmida.

PALABRAS CAMUFLADAS:

Cando chegamos a **León**, as mulleres berraban como **cen tolas** por nós. Mais tarde fomos ó **regato** e mollámo-los **zapatos** na auga.

Á tarde fómoslles mercar uns **regalos** moi **baratos** as nosas mozas. Dixéronnos que a tenda estaba ó **par dalgunha** igrexa. Miramos para dentro e vimos que o cura que estaba dicindo a misa tiña o **papo rubio** por culpa do viño.

Pola noite fomos cear a un hotel e o camareiro díxonos que había que **espulgar** ben os **óso** da carne.

DAMEIRO:

a) Vieira. b) Tren. c) Sopa. d) Fel. e) Brétema. f) Zurdo. g) Cunca.

“Vivía en Bouzal ao pé da serra onde son tan fermosas carballeiras ...” de *Figueiras de Bouzal*, relato pertencente á obra **Xente de aquí e de acolá** de Álvaro Cunqueiro.

Adiviña

Camión de lado

como mareado

facendo zis i zas;


anda para diante

e anda para atrás.

Se queres un bo consello

non pises nunca un

É o cangrexo



RUBÉN. 2-

Adivinhas.

Animal de bo olfato,

cazador dentro da casa,

rincón por rincón repasa

e lame, se pillá, un prato,




Voando no aire

e bicando as flores

apagase a súa vida

de luz e cores.



É a borboleta.

Maria Lopez Pérez 2º primaria.